# GUIA DIDACTICA

## EUTERPE'S TRAVEL



# Índice

1. Introdución
   1.1. Destinatarios
   1.2. Breve resumo
   1.3. Fundamentación legal
2. Competencias clave
3. Obxectivos
   3.1. Xerais
   3.2. Específicos da materia
4. Contidos
5. Metodoloxía
   5.1. Modelo metodolóxico
   5.2. Atención a diversidade
   5.3. Aspectos técnicos
6. Avaliación
   6.1. Criterios de avaliación
   6.2. Proceso de avaliación
7. UDI desenvolvidas

# 1. Introdución

## 1.1. Destinatarios

**Área**: Música (ensinanzas artísticas); Linguaxe Musical
**Curso**: 6º Educación Primaria; 1º e 2º Grao Elemental

## 1.2. Breve resumo

O proxecto "EUTERPE´S TRAVEL", está formado por 10 UD que nos permitirán alcanzar todos os obxectivos e traballar todos os contidos da materia de música no 6º curso de primaria (marcados polo currículo desta materia), a través de actividades baseadas en obras pertencentes aos distintos períodos da historia da música (dende Grecia ata o século XX, incluíndo a música tradicional e popular), en Inglés. Tamén é complemento para a ensinanza de Linguaxe Musical no 1º e 2º curso de Grao Elemental.

## 1.3. Fundamentación legal

O proxecto baséase na Lei de Educación vixente :

- *Lei Orgánica 8/2013*, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- *Decreto 105/2014*, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

# 2. Competencias clave

Este proxecto permitirá ao noso alumnado, ademais da adquisición de coñecementos específicos de musica, o desenvolvemento de competencias clave, imprescindibles no proceso de aprendizaxe e formación.

| | |
|---|---|
| COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) | • Adquirir as ferramentas necesarias para coñecer e saber empregar a linguaxe musical.<br>• Coñecer e saber empregar a linguaxe musical: os seus signos, indicacións, escritura, etc.<br>• Comprender e saber interpretar a linguaxe musical<br>• Reforzar a aprendizaxe do inglés a través de vocabulario máis específico.<br>• Comprender que o estudo dos elementos da linguaxe musical facilitaranos a interpretación da música así como a súa escoita. |
| COMPETENCIA MATEMÁTICA. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO. (CM.CCIF) | • Empregar ferramentas matemáticas para a comprensión de conceptos musicais, como o compás, as figuras, etc.).<br>• Crear instrumentos con elementos da vida cotiá que lles permita comprender o fenómeno sonoro. |
| TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E A COMPETENCIA DIXITAL. (CCID) | • Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación a través de aplicacións informáticas que permiten o desenvolvemento de todos os contidos da materia. |
| COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER. (CAA) | • Desenvolver o traballo de maneira autónoma e conseguir pautas que lle axuden a asimilar e interiorizar conceptos importantes da materia, así como fomentar o seu gusto pola música. |

| | |
|---|---|
| COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ. (CSC) | • Crear un entorno de convivencia e cooperación a través das actividades en grupo, incluíndo ao alumnado con necesidades educativas especiais.<br>• Respectar o traballo de todos os compañeiros/as. |
| COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL. (CAIP) | • Desenvolver a creatividade, a autoestima, a responsabilidade, o traballo en grupo, entre outros, que lle proporcionen unha parte imprescindible da súa educación, non só musical. |
| COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA. (CCA) | • Coñecer a riqueza cultural e artística de todos os momentos da historia, a través de diferentes obras e cancións, así como dos bailes.<br>• Respectar a diversidade cultural das distintas épocas da historia da música, asimilando a importancia de cada unha delas no seu desenvolvemento ata chegar ao que coñecemos hoxe. |

## 3. Obxectivos

### 3.1. Obxectivos xerais

Os seguintes obxectivos son aqueles que se adaptan a este proxecto, extraídos do decreto correspondente:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa, persoal, curiosidade, interese e creatividade no aprendizaxe e espírito emprendedor
c) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entra as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade, nin por outros motivos.
d) Coñecer e empregar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
e) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
f) Iniciarse na utilización para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico antes as mensaxes que reciben e elaboran.
g) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
h) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e na súas relacións coas demais persoas.
i) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo en relevancia a mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega.

### 3.2. Obxectivos específicos da materia

a) Escoitar obras de características ou estilos diferentes e recoñecer as diferenzas.
b) Analizar a forma de obras musicais sinxelas e describir os elementos da linguaxe musical que as compoñen.
c) Coñecer e identificar as principais familias de instrumentos e voces, e identificar instrumentos doutras culturas.
d) Empregar recursos gráficos durante a audición musical.
e) Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, e de diferentes momentos da historia.

f) Adquirir soltura no uso do Inglés como lingua vehicular na clase.
g) Interpretar un repertorio en solitario ou en grupo, coa voz ou instrumentos.
h) Participar en producións musicais de forma desinhibida e amosando confianza.
i) Interpretar e improvisar danzas e bailes de diferentes momentos da historia e da cultura galega e doutras.

## 4. Contidos

Os contidos que se traballan no proxecto están extraídos do *Decreto 105/2014*:

- O son:
  - A produción sonora.
  - As calidades (intensidade, duración, timbre e altura).
- A escritura musical:
  - As figuras e silencios.
  - O pentagrama.
  - O caldeirón.
  - A ligadura e o puntiño.
  - Os signos de repetición.
- O compás:
  - Acento e pulso.
  - Definición, elementos e tipos (2/4, ¾, 4/4, 6/8).
- As alteracións: bemol, sostido e becuadro.
- O intervalo: tons e semitóns.
- A forma musical: binaria, ternaria, rondó, canon, tema con variacións.
- Indicacións de tempo e carácter, e dinámicas.
- Ditados rítmicos e rítmico -melódicos sinxelos cos elementos da linguaxe musical traballados.
- Os instrumentos:
  - Clasificación e agrupacións.
  - Instrumentos electrónicos.
  - Instrumentos *Orff*.
  - Instrumentos doutras culturas.
  - Invención e creación dun instrumento.
- A voz:
  - O aparello fonador e auditivo.
  - Tipos de voces e agrupacións.
- A música en diferentes épocas da historia:
  - Prehistoria e civilizacións antigas
  - Idade Media, Renacemento e Barroco.
  - Clasicismo e Romanticismo.
  - Os -ismos do s. XX.
  - Música popular: Jazz, Rock e Pop.
- A música no teatro, cine e televisión.
- A música doutras culturas, incluída a galega.
- Danzas de diferentes culturas e épocas; creación e gravación de coreografías.
- A percusión corporal.

- Interpretación de cancións ao unísono, canon, con o sen acompañamento (frauta doce e instrumental *Orff*).
- A composición e improvisación: creación de melodías e memorización.
- Audición comentada de obras de diferentes épocas e culturas.
- A sonorización de imaxes ou contos; elaboración de cuñas radiofónicas.
- Investigación sobre compositores, intérpretes e eventos musicais.

## 5. Metodoloxía

### 5.1. Modelo metodolóxico

O proxecto está desenvolvido para poder empregarse en dúas ensinanzas:

- Primaria: como libro de texto para todo o curso escolar. Está distribuído en 10 unidades, 4 para o primeiro trimestre, 3 para o segundo e 3 para o terceiro. En cada unha das UDI aparecen os contidos explicados, así como actividades de diversos tipos: sobre os contidos teóricos, auditivas, visuais, interpretación de voz e con instrumentos. Todas as explicacións veñen con exemplos, tanto escritos como auditivos, e nalgúns casos, con vídeos explicativos. Aparecen reflectidos todos os contidos que hai que traballar no curso.
- Conservatorio: as unidades serven como complemento á ensinanza da materia de Linguaxe Musical. O material sería un complemento dos libros de clase, tendo a maiores neste proxecto, exercicios auditivos, vocais e con instrumentais (material *Orff*) que serven como reforzo e ampliación das actividades do curso.

O proxecto baséase, en liñas xerais, nos procedementos e as directrices das principais metodoloxías do século XX:

- O xogo como maneira de desenvolver a aprendizaxe.
- Audición musical activa como recoñecemento dos elementos musicais.
- Práctica rítmica a través do movemento e a expresión corporal.
- A imitación e a repetición como base do desenvolvemento da memoria musical.
- Práctica vocal a unha ou máis voces a través de melodías e cancións.
- Práctica instrumental (pequena percusión *Orff*, ou de creación propia).
- A creación musical ou improvisación.

A metodoloxía baséase na aprendizaxe significativa, é dicir, a partir dun elemento (a canción) chegamos a todos os contidos que conforman a unidade. Por exemplo, coa obra "***A Game of Thrones***" (*Unidade Didáctica 9*), traballaremos contidos como: compás de 6/8, a tercina, a interpretación musical con Orff, a relación do cine coa música e a súa historia, a través dunha ferramenta dixital. Este tipo de aprendizaxe incrementa a motivación do alumnado.

Os contidos seguen un proceso lóxico, a aprendizaxe vai de menos a máis, e as obras están ordenadas polos contidos que inclúen, segundo a súa dificultade.

Excepto a unidade 1 e 10 con características máis específicas, as restantes unidades estarán conformadas polos seguintes apartados, todos eles con actividades:

- **HISTORY**: presentación e contextualización da época, cos compositores e obras máis importantes, así como exercicios sobre os contidos explicados.
- **MUSIC THEORY**: aparecen as partituras cos arranxos en *Orff* e os videos demostrativos para o seu estudo. Dentro de este aparecen dous apartados:

- "*Solfeggio*": explicación e actividades dos contidos referidos á linguaxe musical que se extraian das obras (compás, figuras, matices, etc.).
- Voices & Instruments: explicación dos instrumentos que van xurdindo en cada época ou os específicos de cada cultura, con debuxos e exercicios.

♦ DANCING: explicación dos bailes característicos da época que estamos a traballar, así como arranxos das obras con percusión corporal ou outras coreografías.

♦ SCALE-UP ACTIVITIES: neste apartado están incluídas máis actividades das que xa se fixeron, para complementar a programación dun xeito máis lúdico (arquivos *Lim* con encrucillados, sopa de letras, crebacabezas, etc), ou traballos manuais como os pasos a seguir para a creación de novos instrumentos.

Para un bo desenvolvemento do proxecto, o idóneo sería que o profesor empregara un EDI (encerado dixital interactivo) para facer a exposición e explicación da materia, mentres que o alumnado faría o seguimento no seu ordenador; ao finalizar, traballar nas actividades, ao seu ritmo, consultando no documento cantas veces precise, e mesmo na súa casa. Tamén sería óptimo na aula de informática dun centro, pero dificultaría o bo desenvolvemento dalgunhas actividades (as actividades prácticas, como a do baile ou a do instrumental *Orff*).

Se non se dispuxese de computadores para o alumnado, o profesor pode empregar o proxecto como libro de texto, xa que todos os contidos aparecen explicados, e a través do seu propio ordenador, ir amosando as fotografías e vídeos, ou escoitando os audios requiridos. As partituras dos arranxos poden imprimirse, o que facilitaría o estudo do instrumental *Orff*, así como o das propias cancións.

### 5.2. Atención a diversidade

O proxecto está pensado para traballar en grupo (de 2 ou 3 membros - traballo colaborador), de maneira que o alumnado con dificultades ou discapacidades estea totalmente integrado no desenvolvemento do mesmo:

♦ **Dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade**: o carácter eminentemente práctico do proxecto e a súa modalidade en grupo a través das novas tecnoloxías, facilita a aprendizaxe neste grupo de necesidades específicas.

♦ **Altas capacidades intelectuais**: está contemplado no proxecto este grupo de alumnado ao engadir actividades de ampliación.

♦ **Incorporación tardía ao sistema educativo**: a música como linguaxe cultural está presente en todos os ámbitos da vida cotiá, por iso, calquera alumno/a, aínda non tendo cursado estes estudios con anterioridade, pode ter desenvolvidos contidos básicos como o ritmo ou a educación auditiva, que lle permitan realizar con soltura a maioría das actividades do proxecto. No caso de problemas co idioma (xa sexa en inglés ou en castelán), pódeselle suxerir que empregue algún recurso dixital como un tradutor.

♦ **Discapacidades físicas ou sensoriais**: a música precisa dunhas capacidades auditivas e vocais mínimas para a súa realización plena; aínda así hai campos dentro da mesma que poden ser traballados en todos os casos; por exemplo, no caso dun alumno/a xordomudo poderemos traballar a rítmica, a interpretación en instrumentos *Orff* de percusión e tamén os relativos as danzas e percusión corporal, desenvolvendo a súa integración social; no caso dun alumno/a con cegueira en distintos graos, todo o material poderá ser asimilado auditivamente a través dos audios que están incluídos no proxecto; e por último o

alumnado con discapacidade física, dependendo do grao, poderá ser partícipe da gran maioría das actividades do proxecto.

### 5.3. Aspectos técnicos

A ferramenta dixital principal empregada para o proxecto é **Exe- Learning**. Os recursos creados son accesibles en formato Html o Html5. As actividades de ampliación están feitas co **educaLIM**.

Para a correcta visualización dos contidos necesitarase:

- Acceso: Conexión á rede para acceso en liña dos contidos ou descargar os arquivos no ordenador.
- Funcionamento: non necesita instalación
- Navegadores: versións actualizadas de *Chrome*, *Explorer* ou *Safari*.

## 6. Avaliación

### 6.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación están extraídos do *Decreto 105/2014*:

- Identificar e describir as características dos elementos musicais e calidades dos sons.
- Analizar e organizar obras musicais sinxelas ou fragmentos e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.
- Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
- Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e de outras culturas, de acontecementos creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.
- Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo realizado, avaliar o resultado e propoñer accións de mellora.
- Participar en producións musicais sinxelas de forma desinhibida e pracenteira, amosando confianza nas propias habilidades e nas das demais persoas, amosando actitudes de respecto e colaboración
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de forma lúdica.
- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.
- Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.

### 6.2. Proceso de avaliación

Haberá diferentes tipos de avaliación:

- **A avaliación do alumnado**: esta realizarase en distintas categorías:

- **Avaliación inicial**: a ***DU 1. Repeat, please!***, está formada por actividades de coñecemento previo que nos permiten valorar en que punto da aprendizaxe se atopa o alumnado ao comezo do curso.
- **Avaliación continua**: farase ao longo de todo o proceso, a través da observación directa do alumnado, a súa resposta ante as actividades, a súa participación e colaboración cos seus compañeiros/as, entre outros.
- **Avaliación final**: na ***DU 10; That´s all folks!***, aparecen actividades que nos permiten facer unha valoración final sobre o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a. Por un lado, aparecen 2 test SCORM (de 25 preguntas cada un) sobre contidos traballados ao longo do curso para valorar o grao de asimilación dos mesmos. Polo outro, o Concerto Didáctico, ferramenta coa que poderemos observar a interpretación, vocal, instrumental e psicomotriz de cada un deles.

En cada UDI, disporase dunha rúbrica que permita ao profesorado obter unha valoración para cada alumno/a.

- **A avaliación do proxecto**:
  - por parte do profesorado: para que o profesorado que empregue este recurso dixital poida valoralo en distintos aspectos, dispón dunha rúbrica que poderá enviar ao correo electrónico dos participantes, para poder obter unha valoración estimada do funcionamento do proxecto. Nela valoraranse diferentes aspectos referidos ao proxecto, ao alumnado e as UDI.

*(*) Valoración en nº de cada un dos epígrafes.*

| | Moi deficiente (1) | Deficiente (2) | Suficiente (3) | Ben (4) | Excelente (5) | (*) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Proxecto** | | | | | | |
| **O entorno dixital** | Non se axusta nin a idade nin características do alumnado e non se adapta á materia de Música. | Non todos os aspectos se axustan á idade e as características do alumnado e da materia. | Algúns aspectos non se adaptan a idade e características do alumnado pero si á materia de música. | Axústase á idade e características do alumnado pero non á materia de Música. | Óptimo para a idade e características do alumnado que traballou con el, así como para a materia de Música. | |
| **O recurso como parte da práctica docente** | Non é un recurso adaptado para a práctica docente. | Pódense empregar só un ou dos epígrafes do proxecto dentro da aula. | Só se poden empregar como recursos docentes algúns dos epígrafes do proxecto. | Algúns dos recursos son moi bos para o traballo na aula, aínda que non se dispoña de ordenador por cada alumno/a. | É moi útil como ferramenta na aula tanto para o alumnado como o profesorado, facilitando a labor docente, se dispoña ou non de ordenador por cada alumno/a. | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **A calidade dos recursos empregados** | Pésima. Non alcanza o mínimo de calidade. | Regular, con deficiencias claras en moitos aspectos. | Aceptable. | Boa, con posibles melloras nalgúns aspectos. | Excelente, pola riqueza e variedade empregada. | |
| | | | **Alumnado** | | | |
| **O uso do Inglés, como lingua vehicular** | O vocabulario e expresións en Inglés son de gran dificultade para o alumnado por estar fora do nivel do curso. | Non comprenden algún vocabulario empregado e expresións, e moitas actividades non se poden realizar por falta de comprensión. | O uso de vocabulario específico no idioma crea problema para realizar algunhas das actividades. Pero a comunicación é fluída. | O uso do Inglés no recurso está adecuada ao nivel do alumnado pero presenta dificultades para o vocabulario específico. | O vocabulario e expresións empregadas no idioma son adecuadas ao nivel do alumnado,. A comunicación neste idioma foi fluída. | |
| **A motivación** | O grao foi nulo. | O grao foi baixo, só nalgúns epígrafes. | O grao foi irregular, con algúns momentos bos e outros máis baixo. | O grao foi bo durante todo o proceso. | O grao foi óptimo e constante durante todo o proceso. | |
| **A interacción** | Non permite o traballo en grupo e a relación entre o alumnado | As actividades en grupo non funcionan pero o ambiente é bo. | Permite a relación entre o alumnado en algunha actividade creando un bo ambiente. | Algunhas das actividades están pensadas para o traballo en grupo e funcionaron correctamente. | Todas as actividades están baseadas no traballo colaborador e isto favoreceu un ambiente óptimo de traballo e de respecto entre compañeiros/as | |
| **Alumnado con Necesidades educativas especiais** | Non se ten en conta a este tipo de alumnado en ningún punto, nin contido nin actividade. | Este alumnado conta con moi poucos recursos adaptados no proxecto para traballar. | A metade das actividades e contidos poden ser traballadas por este tipo de alumnado. | Case todas as actividades e contidos están pensadas para este tipo de alumnado. | Todas as actividades e contidos están adaptados a este tipo de alumnado. | |
| | | | **UDI** | | | |
| **Os obxectivos** | Non cumpre ningún obxectivo. | Só cumpre algún dos obxectivos. | A metade dos obxectivos aparecen reflectidos . | A maioría dos obxectivos son cumpridos. | Cumpre todos os obxectivos do curso. | |
| **Os contidos** | Non traballa ningún dos contidos do curso. | Só algún contido do currículo aparece reflectido. | Só a metade dos contidos son traballados. | A maioría dos contidos aparecen reflectidos. | Trabállanse todos os contidos do currículo do curso. | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **As competencias clave** | Non axudan a desenvolver ningunha das competencias clave e non aparecen reflectidas. | Algunha das competencias clave aparecen reflectidas no proxecto pero non as desenvolve. | As competencias clave están presentes no proxecto e algunha actividade permite desenvolver algunha delas. | Case todas as actividades permiten desenvolver as competencias clave e aparecen reflectidas. | Desenvolven todas as competencias clave a través dos contidos e actividades traballadas. | |
| **As actividades** | -Non compren ningún obxectivo.<br>-Non permiten a práctica dos contidos do curso.<br>-Non permiten avaliar ao alumnado.<br>-Non son variadas.<br>-Non permiten o traballo en grupo.<br>-Non se axustan á idade do alumnado. | -Non compren ningún obxectivo.<br>-Só algúns contidos son traballados.<br>-Non son variadas.<br>-Non permiten o traballo en grupo.<br>-Non se axustan á idade do alumnado. | -Non compren todos os obxectivos.<br>-Non aparecen reflectidos todos os contidos.<br>-Non son variadas.<br>-Non axudan ao traballo en grupo.<br>-Só algunha delas se axustan á idade do alumnado. | -Compren os obxectivos.<br>-Adáptanse aos contidos do curso.<br>-Permiten avaliar ao alumnado.<br>-Son variadas pero con recursos escasos.<br>-Permiten o traballo colaborador.<br>- Se axustan á idade do alumnado. | -Compren todos os obxectivos.<br>-Adáptanse aos contidos do curso.<br>-Permiten avaliar ao alumnado.<br>-Son variadas e ricas en recursos.<br>-Permiten o traballo colaborador.<br>-Axústanse totalmente á idade do alumnado. | |
| **A transversalidade** | Ningún contido nin actividade se relaciona con outra materia do curso. | Só se relacionan un o dous contidos e actividades con outras materias do curso. | Algúns contidos e actividades teñen relación cos contidos dalgunha materia do curso. | A maioría dos contidos e actividades se relacionan cos contidos de outras materias do curso. | Todos os contidos e actividades teñen relación cos contidos dalgunha materia do curso. | |

- <u>por parte do alumnado</u>: consideramos que é moi importante para unha correcta valoración do proxecto que ademais do profesorado que o emprega, o alumnado que o utiliza tamén dea a súa opinión, xa que ao fin, eles/as son os destinatarios. Este formulario pode enviarse do mesmo xeito que o anterior para a valoración final.

| | **Mal (1)** | **Suficiente (3)** | **Excelente (5)** | **(*)** |
|---|---|---|---|---|
| **O entorno dixital** | -O programa foi moi complicado de utilizar.<br>-Prefiro estudar a música sen este programa. | -Gustoume empregar o programa pero ás veces penso que é mellor non usalo.<br>-O programa nalgúns momentos complicóuseme un pouco. | -O programa foi doado de empregar.<br>-O estudo da música foi máis divertido deste xeito. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **O uso do Inglés** | Non me gustou nada usar o Inglés na materia de Música porque non entendo ningunha actividade. | Gustoume empregar o inglés na materia de música pero atopo dificultades para comprender todo o vocabulario e expresións empregadas. | - Comprendo toda a información e actividades no idioma empregado<br>- Resulta moi motivador facer a materia de música noutro idioma. | |
| **A motivación** | Todo o que fixen foi moi aburrido e non me gustou | Estivo ben o que fixen pero ás veces non me gustou. | Todo o que realicei foi moi entretido e divertido. Gustoume moito. | |
| **A interacción cos teus compañeiros/as** | Non realicei ningunha actividade en grupo. | Só realicei algunhas das actividades en grupo. As demais foron individualmente. | Todas as actividades as realizamos conxuntamente e a relación cos meus compañeiros foi moi boa. | |
| **As actividades** | -Son aburridas.<br>-Non me gustaron as cancións nin tocar os instrumentos que usamos.<br>-A percusión corporal e o danza foron moi difíciles.<br>-Os xogos non me gustaron. | -Están ben pero parecéronme pesadas e un pouco complicadas.<br>-A interpretación gustoume.<br>- A danza e a percusión foron entretidas.<br>-Algúns xogos foron aburridos. | -Son divertidas e distintas.<br>-Gustoume moito interpretar cancións cos instrumentos e cantando.<br>-Divertinme moito bailando e coa percusión corporal.<br>-Os xogos foron entretidos e aprendín moito | |
| **A transversalidade** | Nada do que traballamos aparece noutras materias do curso | Algunha cousa da que falamos na clase, tamén a traballamos en matemáticas, lingua, etc. | Moitas das cousas que traballamos estaban relacionadas con outras materias como matemáticas, lingua, etc. | |






# *Unidades Didácticas*





| DU 1: Repeat, please! | |
|---|---|
| Obxectivos Xerais | a), c), f), g) |
| Obxectivos Específicos | • Afianzar os contidos traballados en cursos anteriores.<br>• Recoñecer auditivamente eses contidos. |
| Competencias Clave | CCL, CM.CCIF, CCID, CAA, CSC, CPIP, CCA. |
| Contidos | • O son:<br>  • Definición<br>  • Calidades<br>• As figuras e os silencios<br>• A escala: o ton e o semitón.<br>• Matiz. Tempo. Carácter.<br>• A voz<br>• Os instrumentos:<br>  • As familias<br>  • As agrupacións instrumentais |
| Criterios de avaliación | • Saber diferenciar auditivamente un son a través das súas calidades.<br>• Saber representar graficamente cada unha das figuras e silencios traballados.<br>• Identificar o ton e o semitón nunha escala.<br>• Recoñecer e saber empregar os distintos termos referidos ao matiz, tempo e carácter dunha obra.<br>• Diferenciar os distintos tipos de voces femininas, masculinas e infantís.<br>• Diferenciar aos instrumentos segundo as súas familias.<br>• Coñecer as distintas agrupacións instrumentais e vocais.<br>• Asimilar os contidos traballados na unidade. |

O primeiro concepto que xorde é ***Euterpe***. Lembrar que se trata dunha das nove musas da mitoloxía grega. As musas son deidades femininas, inspiradoras das artes, fillas de *Zeus* e *Mnemósime*. *Euterpe* é a



musa da Música, sempre representada cunha frauta.
Podemos amosar un mapa de Grecia para situalos xeograficamente e imaxes das distintas musas, ou outros recursos que atopedes referidos aos mitos gregos.




**A choiva de ideas**

A continuación faremos grupos de 3 alumnos/as para traballar nunha choiva de ideas sobre "o que lembran do traballado na materia nos anos pasados". Cada grupo escribirá as lembranzas, non só as ideas, senón tamén as explicacións que consideren oportunas.
Isto permitirannos observar varios aspectos:

- Os contidos mellor asimilados (que son os que primeiro aparecerán na lista).
- O grao de asimilación dos mesmos (a través das explicacións que fagan).
- O punto de partida para os novos contidos.

Todos os contidos que imos traballar a continuación, xa foron tratados en cursos anteriores; trátase dun repaso que nos permita comezar a traballar os novos contidos sobre unha boa base.

**O son**

Para explicar este concepto podemos empregar os seguintes recursos:

- Un balde con auga e tirar dúas pedras de diferentes tamaños para que poidan observar as ondas e como varían segundo o tamaño e forza con que se tiren.
- Unha goma dunha carpeta, tensala coas mans e facela moverse; poderán observar a vibración e escoitala.




Isto permitiralles comprender mellor que é un son á hora de ler a definición.

Pediremos aos alumnos/as que digan sons da clase: o reloxo, a cadeira ao moverse, un instrumento, etc. A partir deses exemplos, explicaremos as distintas calidades da música, pedíndolles primeiro a eles/as que definan ou expliquen o que entenden por cada un dos conceptos:

- A **altura**: podemos empregar un xilófono, indicando os sons graves e agudos, ou podemos facer cantar a unha nena e un neno para que noten a diferenza.

- A **duración**: pódese empregar unha frauta doce, xa que nos permite variar a duración dun son con bastante máis precisión que outro como un metalófono; tamén podemos facelo coa voz.
- A **intensidade**: o alumnado pode berrar e despois falar baixo, indicando un son forte e outro suave. Tamén podemos pedirlle que aumenten ou diminúan o volume da voz progresivamente, sentando a base para a explicación dos termos referidos ao matiz (reguladores, *crescendo*, *diminuendo*).
- O **timbre**: pediremos que pechen os ollos, e dous alumnos/as avisados/as previamente, dirán a mesma frase. Preguntaremos quen foron os que falaron, explicándolles que a calidade do timbre é a que nos permite diferenciar quen ou que produce o son.




Para comprobar a asimilación destes contidos, realizarán o exercicio de **completar**, con audios para distinguir as distintas calidades do son.

**As figuras e os silencios. Matices. Tempo. Carácter**. Repasamos a representación gráfica dos sons (as figuras e silencios) e as indicacións de como realizalos (matices, tempo, carácter), xa traballados en cursos anteriores.

Hai que insistir na relación dunhas figuras con outras, é dicir, na relación matemática entre elas (relación de contidos con outras materias, neste caso, Matemáticas).







As indicacións que aparecen nas partituras que se traballan, é preciso coñecelas, xa que nos marcan pautas para a interpretación das mesmas. Para repasar estes contidos podemos pedirlles que elixan unha canción, e interpretala facendo matices esaxerados, ou cambios de tempo, mesmo cambios na articulación, máis ligado, picado, etc.

Podemos traballar cuestións orais en grupo como:

- *Un silencio de branca, cantas negras ten? 2*
- *Como podemos indicar que unha canción hai que facela lenta? Lento, Grave*
- *Que idioma empregamos para as indicacións de tempo, matiz e carácter? O italiano*
- *Cantas semicorcheas equivalen a unha redonda? 16*

Podemos empregar tamén audicións ou vídeos de diferentes partituras para observar os matices, o tempo e o carácter das pezas. Algúns exemplos poderían ser:

- A **5ª Sinfonía de *Beethoven***: o cambio de intensidade entre a 1ª parte e a 2ª (*forte-piano*).
- A **Danza Húngara nº 5 de *Brahms***: esta obra permítenos observar cambios de tempo. Neste enlace pode verse un vídeo do conto "*Os tres porquiños*" con esta danza, e as imaxes tamén exemplifican os cambios de velocidade.
    - https://www.youtube.com/watch?v=ShLiO1Plu9c
- O vídeo ***Piano Fortissimo*** co que podemos traballar os matices. Ademais de velo e escoitalo, podemos facer que o alumnado o memorice e despois o cante, acompañado de movementos: o *pianissimo* agochados, o *piano* cos xeonllos flexionados, o *forte* en pé e o *fortissimo* brincando coas mans en alto.
  https://www.youtube.com/watch?v=gHgBzrUzpc4&spfreload=10.

**A escala. Ton e Semitón**

Para comezar con este contido, podemos escoitar e memorizar a canción "**Do, Re, Mi**" do musical "***Sonrisas y lágrimas"***, xa que toda ela baséase na escala de Do Maior. O concepto de escala asimilarase mellor ao practicala.




https://www.youtube.com/watch?v=ZRdqZL15OlY

Hai que indicarlles que existen outro tipos de escalas, que traballaremos máis adiante, ao chegar a unidade 6, na música tradicional (escala pentatónica de Xapón e China ou a escala *Klezmer* do Norte de Europa).

Para comprobar a asimilación destes contidos, realizarán o exercicio de **Verdadeiro-Falso:**



**A voz**

Para comezar faremos unha serie de preguntas:

- *Como cren eles/as que se canta?*
- *Que partes do corpo empregamos para cantar?*
- *Hai algunha postura concreta que facilite o canto?*




A partir da información que eles/as mesmos/as déannos, profundaremos no proceso de produción do son cos debuxos que aparecen.

Sería bo explicarlles cales son as condicións óptimas para cantar, facendo diversos exercicios para conseguilo:

- **Relaxación:**

Os músculos participan no proceso, polo que a tensión nos mesmos, non nos permitirá unha boa emisión. Así que faremos uns exercicios para relaxalos:

- Estirar o corpo, inspirando profundamente, alzando as mans, e deixando caer o corpo cara adiante, á vez que soltamos o aire. Repetir 3 ou 4 veces.
- Mover o pescozo en círculos moi lento.
- Dar fregas na cara movendo a lingua.
- Imitar o ruído dun avión, pegando os labios con suavidade, movendo o son do agudo ao grave, facendo que os beizos vibren e se quenten.

- **Respiración:**

Para cantar, a mellor postura é erguidos, cos pés un pouco separados e os brazos relaxados a cada lado. Para respirar empregaremos a respiración costo-diafragmática. Para que os rapaces comproben que están realizando unha respiración correcta, podemos pedirlles que coloquen unha man enriba da barriga, e que ao inspirar profundamente, sintan como a barriga se enche.

- **Vocalización**

Para unha mellor vocalización podemos facer exercicios de repeticións de sons pasando por diferentes sons ascendentes e descendentes, como os exemplos que seguen. Podemos facelo con diferentes sílabas: na, mu, ña, mi, entre outras.

Podemos complementar a información sobre tipos de voces con nomes de cantantes de ópera famosos, apoiados por vídeos ou audios dos mesmos, e facer o mesmo cos coros:

Tenores

*Enrico Caruso* https://www.youtube.com/watch?v=aef9DGvZ8Qo
*Luciano Pavarotti* https://www.youtube.com/watch?v=k9UwJ_i5EXQ

Baixos

*Kurt Böhme* https://www.youtube.com/watch?v=qXukts3vGIs
*Feodor Chaliapin* https://www.youtube.com/watch?v=r3SFejnWzws

Sopranos

*Maria Callas* https://www.youtube.com/watch?v=k9UwJ_i5EXQ
*Monserrat Caballé* https://www.youtube.com/watch?v=RxZSP1Dc78Q

Contraltos

*Giulietta Simionato* https://www.youtube.com/watch?v=AlvRg_lugdQ
*Christel Goltz* https://www.youtube.com/watch?v=8myLqu8gd5A

Coros

Coro Voces Brancas: *Nenos Cantores de Viena*

https://www.youtube.com/watch?v=Um-YiNXZlbQ

Coro mixto: *Orfeón Donostiarra*

https://www.youtube.com/watch?v=x-CKMBQZRVw




**As familias instrumentais**

Antes de comezar coa explicación podemos formular algunhas preguntas para traballar oralmente:

- Coñecedes algunha familia instrumental?
- A que familia pertence... (nomear diferentes instrumentos)?

Ao finalizar, explicar que hai diferentes clasificacións de instrumentos seguindo diferentes pautas, pero coa que imos traballar, é a establecida por *Hornbostel-Sachs*: cordófonos, aerófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos.

Podemos acompañarnos de fotografías de diferentes instrumentos de cada familia ou vídeos de como producen o son eses instrumentos. Tamén podemos axudarnos dos instrumentos que temos na clase.

Para comprobar que teñen asimilado estes conceptos, escribimos no encerado unha serie de instrumentos e pedímoslles que os clasifiquen segundo o aprendido.




**As agrupacións instrumentais**

Podemos facer diversas actividades:

- Debuxar un esquema de orquestra sinfónica para que o alumnado o complete, colocando as distintas familias instrumentais.
- Buscar en Internet Orquestras e Bandas de gran reputación, e obter información sobre as mesmas e comentalo na clase, como por exemplo: a *Wiener Philharmoniker*, *Berliner Philharmoniker*, *New York Philharmonic Orchestra*, *Banda Unión Musical Meaño*, *Banda Sinfónica de Valencia*, etc)
- Ver vídeos das distintas agrupacións:

https://www.youtube.com/watch?v=0FF4HyB77hQ (New York)
https://www.youtube.com/watch?v=WlPI31Er73Q (Viena)
https://www.youtube.com/watch?v=3yH3keO1P40 (Berlín)
https://www.youtube.com/watch?v=zhfEJAH26pE (Valencia)
https://www.youtube.com/watch?v=Rdh05LriFJw (Meaño)

Podemos traballar tamén con outro tipo de agrupacións, como Bandas de Jazz, de Rock ou Orquestras de baile:

https://www.youtube.com/watch?v=4kBzeEKVfqQ (Los Satélites)

https://www.youtube.com/watch?v=l5GreJp5nfw (Jazz)

O director é o elemento principal destas agrupacións. Podemos comentarlles (ou que busquen), directores de gran reputación na historia da música, como por exemplo:

*Arturo Toscanini*

https://www.youtube.com/watch?v=l5GreJp5nfw

*Zubin Mehta*

https://es.wikipedia.org/wiki/Zubin_Mehta

*Herbert von Karajan*

https://es.wikipedia.org/wiki/Herbert_von_Karajan

*Pablo Heras Casado*

https://es.wikipedia.org/wiki/Pablo_Heras-Casado

*Gustavo Dudamel* (aquí podemos falarlles da gran labor realizada por este director con nenos e nenas de zonas conflitivas ou de pobreza extrema).

https://es.wikipedia.org/wiki/Gustavo_Dudamel
https://www.youtube.com/watch?v=EcENyuWjeQs

Para comprobar a asimilación destes contidos, realizarán o exercicio de **Read and Complete.**







Para rematar a UDI de repaso, aparece un exercicio test **SCORM**, con preguntas que fan referencia a contidos traballados nos cursos anteriores e repasados nesta unidade. Isto permitiranos avaliar ao alumnado.

## Solucionario

### Activity about the qualities of the sound

The **vibration** of the objects is the one that becomes sound. These sounds are different according to their **qualities**.
These sounds are different in terms of **timbre**.
According to **duration**, the first sound is longer than the second one.
This sound is deep (in relation to **pitch**), a **long** sound (in relation to duration), a strong sound (in relation to **instensity**) and an accordion (in relation to **timbre**).
These sounds go from **deep** to high.

### Review

## True and False

- Dolce means lively: **False**
- *Allegro* is an indication of tempo: **True**
- A half-tone is made up of two tones: **False**
- A quarter note is made up of two sixteenth notes: **False**
- The language used for the terms of dynamics is French: **False**
- *mp* means half soft: **True**
- *Vivo* denotes quiet: **False**
- *Giocosso* is a term of carácter: **True**

### The voice, the instruments and their groups

**Read and complete:**

The voice is the instrument which always goes with us. There are different types of voices (from higher to deeper):
- Women: **soprano**, mezzosoprano, **contralto**.
- Men: Tenor, **baritone**, bass.
- Children: **treble** voices.

They all sing together in the **choirs**.
The instruments are also divided into different families, depending on how the sound is produced:
- **Chordophones**: the sound is produced by vibrating a string in different ways, such as the violin, the guitar or the piano.
- **Aerophones**: the sound is produced when the air moves, like the clarinet or the horn.
- **Idiophones**: the sound comes from vibrating the instrument itself, like the keys.
- Membranophones: the sound is produced by a **membrane** when struck, like the drum.
- **Electrophones**: use electricity to be able to sound, like the **synthesizer**.

They all play together in **bands** or orchestras, directed by the conductor with his/her great instrument, the **baton**.

Are we ready?

## Test SCORM:

1. **What is the name of this musical sign?** Tie
2. **Which one is correct?**



3. **What is the name of instrument used by the conductor?** Baton
4. **What qualities differentiates these sounds?** Duration
5. **This scales is:** Descending
6. **The distance between these two sounds is:** Tone
7. **What is this clef?** C-clef
8. **How many sharps and flats are in this score?** 4 sharps and 4 flats
9. **This instrument belong to** Winds.
10. **What does this word mean: *ritardando*?** Slowing down
11. **Can you match this audio with its image?**



12. **What are you listening to?**



13. **What instrument is playing?** Clarinet
14. **What is the highest voice of the women?** Soprano
15. **What does this abbreviation *mp* mean?** Mezzopiano
16.  True
17. ***Vivace* means:** Very lively
18. **What is its name?** Psaltery
19. **What is the instrument of the singer?** Voice
20. **What of this is the flute?**



## Rúbrica: avaliación

| | Mal (1) | Suficiente (3) | Excelente (5) | (*) |
|---|---|---|---|---|
| **Saber diferenciar auditivamente un son a través das súas calidades.** | O alumno/a non sabe recoñecer auditivamente ningunha das calidades do son nin poñer exemplos de cada unha delas. | O alumno/a sabe recoñecer auditivamente algunha das calidades dos sons; non sempre sabe exemplificar as calidades do son. | O alumno/a sabe clasificar auditivamente todos os sons polas súas calidades e sabe poñer exemplos de cada unha delas | |
| **Saber representar graficamente cada unha das figuras e silencios traballados.** | Non recoñece nin sabe representar ningunha figura nin silencio dos traballados. | Coñece as figuras e os silencios e os sabe representar graficamente, pero non os recoñece auditivamente. | Coñece todas as figuras e silencios, os sabe representar graficamente; os recoñece auditivamente. | |
| **Identificar o ton e o semitón nunha escala.** | Non sabe identificar o ton e o semitón na esca la de Do M, nin os recoñece auditivamente. | Sabe que é un ton e un semitón, e a relación entre ambos, pero cústalle recoñecelos na escala de Do M e auditivamente. | Sabe identificar correctamente todos os tons e semitóns dentro da escala de Do M; os identifica auditivamente con corrección. | |
| **Recoñecer e saber empregar os distintos termos referidos ao matiz, tempo e carácter dunha obra.** | Non recoñece nin sabe usar ningún dos termos referidos ao tempo, matiz e carácter traballados; tampouco coñece o seu significado. | Recoñece os termos referidos ao tempo, matiz e carácter, pero non sabe o significado de todos eles e ás veces non os emprega con corrección. | Recoñece, emprega correctamente e coñece o significada de todos os termos traballados referidos ao tempo, matiz e carácter dunha obra. | |
| **Diferenciar os distintos tipos de voces femininas, masculinas e infantís.** | Non recoñece auditivamente ningún dos tipos de voz nin o proceso de elaboración do son. | Recoñece auditivamente os distintos tipos de voces, pero non coñece o proceso de produción do son, así como as pasos previos a unha boa interpretación. | Recoñece auditivamente todos os tipos de voces (masculinas e femininas) e coñece o proceso de produción do son, así como os pasos a seguir para unha boa emisión vocal. | |
| **Diferenciar aos instrumentos segundo as súas familias.** | Non coñece as distintas familias instrumentais e non sabe identificar os instrumentos nas súas familias. | Recoñece as distintas familias instrumentais traballadas, pero ten algunha dificultade á hora de clasificar algún instrumento. | Sabe identificar cada instrumento coa familia que lle corresponde, xa que ten un claro coñecemento das distintas familias instrumentais. | |
| **Coñecer as distintas agrupacións instrumentais e vocais.** | Non recoñece ningunha das agrupacións musicais traballadas. | Identifica só algunhas das agrupacións instrumentais e vocais traballadas. | Sabe identificar as distintas agrupacións instrumentais e vocais, e coñece exemplos de cada unha delas. | |
| **Asimilar os contidos traballados na unidade** | Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade. | Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos. | Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade. | |

| DU 2: Once upon a Time… | |
|---|---|
| Obxectivos Xerais | b), c), e) f), g), i) |
| Obxectivos Específicos | • Coñecer os comezos da música na Prehistoria e civilizacións antigas, incluíndo Grecia e Roma.<br>• Recoñecer os distintos instrumentos empregados nestas civilizacións.<br>• Asimilar o concepto de pulso e compás.<br>• Identificar e saber executar o puntiño, síncope, caldeirón e signos de repetición.<br>• Recoñecer a forma musical das pezas interpretadas.<br>• Recoñecer auditivamente todos os conceptos musicais traballados.<br>• Interpretar vocal e instrumentalmente unha obra. |
| Competencias Clave | CCL, CM.CCIF, CCID, CAA, CSC, CPIP, CCA. |
| Contidos | • A música na Prehistoria e nas civilizacións antigas:<br>  • As orixes da música<br>  • Antigas civilizacións: Mesopotamia, Exipto, China e India.<br>  • Grecia e Roma<br>  • Os instrumentos de cada unha delas.<br>• O pulso e o compás<br>• O puntiño.<br>• O caldeirón<br>• Os signos de repetición<br>• A síncope<br>• A forma musical |
| Criterios de avaliación | • Coñecer os comezos da música na Prehistoria e nas civilizacións antigas.<br>• Asimilar a importancia que tiveron Grecia e Roma no desenvolvemento da música tal o coñecemos hoxe en día.<br>• Identificar os instrumentos de cada unhas das épocas e civilizacións.<br>• Asimilar o concepto de pulso e compás.<br>• Identificar e saber realizar o puntiño e o caldeirón.<br>• Saber executar os signos de repetición nunha partitura.<br>• Recoñecer unha síncope e saber executalo.<br>• Saber identificar a forma das pezas interpretadas.<br>• Interpretar con seguridade e bo gusto, vocal e instrumentalmente, a canción grega de *Seikilos*.<br>• Asimilar os contidos traballados na unidade. |

A partir desta, todas as UD, comezan cunha breve explicación do período da historia da música que nos ocupa e sempre aparece unha liña do tempo, que lles axudará a situalas no seu contexto.







***(Music origins. Ancient civilizations. Greece. Rome.)***

Nesta primeira unidade coñeceremos os comezos da música na Prehistoria e en civilizacións como a de Mesopotamia, Exipto, China, India e as máis importantes, Grecia e Roma.




A información que se lles dá é a máis importante, e sempre son conceptos de fácil comprensión e adecuados a idade do alumnado.

Empregaremos mapas para situar cada unha das civilizacións explicadas.

Tamén é importante amosarlles fotografías de cada unha das civilizacións, para que poidan observar as diferencias nas vestimentas, nas construcións, nos peiteados, etc. Ao explicarlles o contexto social, comprenderán mellor as diferencias musicais entre cada unha delas.

Outra opción sería que eles/as mesmos/as atoparan información en Internet, dándolle pautas sobre que buscar.



## Que é un mito? (*What´s a myth?)*




Neste apartado o alumnado desenvolverá a capacidade de investigación, empregando todos os recursos que ten, sobre todo, a Internet. Neste caso pídeselle que atopen información sobre os mitos, elemento esencial na cultura grega, e presente tamén na música.

Para comprobar a asimilación destes contidos, realizarán o exercicio de **Read and Complete. (*What did you learn about ancient civilizations?)***




## A partitura: *Seikilos Epitaph (Greek Score)*




Para unha maior comprensión de todo o que imos traballar na UD, o primeiro paso é practicar a obra. Aparece, polo tanto, a partitura, e os vídeos demostrativos do instrumental *Orff*. Tamén aparece o audio co resultado final do arranxo.

O **Instrumental *Orff***: conxunto de instrumentos agrupados polo pedagogo *Carl Orff* polas súas características sonoras e pola súa facilidade á hora de ser interpretados. Inclúen instrumentos de percusión de son determinado e indeterminado, principalmente idiófonos.

En cada UD utilizaremos instrumentos diferentes, segundo as características da obra a interpretar.

A partitura pode imprimirse se se desexa **(Todos os documentos MUSESCORE aparecen no CD que se adxunta)**.

Faremos a distribución do alumnado segundo a cantidade de instrumentos dos que dispoñamos, sempre contando cun nº de rapaces/as para a interpretación vocal da canción.

Visualizar os vídeos de cada instrumento e practicar por grupos.




Cando xa estea estudada esta obra, podemos facer exercicios de improvisación cos instrumentos, ampliar a forma da canción con novas repeticións ou engadindo fragmentos de nova creación.

# SEIKILOS EPITAPH



**Que sabemos acerca desta obra? (*What do we know about this composition?)***




Trátase da obra máis antiga conservada con notación, tallada nunha pedra.
Aparecen as imaxes da transcrición da pedra, indicando cal é a notación e cal o texto. E tamén unha tradución aproximada.
Poden buscar máis información sobre a mesma, sobre todo para as imaxes da pedra, para que sexan conscientes do lugar onde apareceu.
Algúns exemplos:

Fotografías e explicación ampliada:
https://en.wikipedia.org/wiki/Seikilos_epitaph
Vídeos:
https://www.youtube.com/watch?v=BVYSrEuTP5A
https://www.youtube.com/watch?v=9RjBePQV4xE

**O pulso e o compás. (*Time signature: 3/4*)**
Ademais dos exercicios que aparecen, podemos pedirlle ao alumnado que por parellas, escoiten o corazón do compañeiro/a, indicándolles que ese son é o pulso. Unha vez asimilado isto, pasaremos á explicación dos compases.




Para que comprendan os elementos dos compases, teñen que ter moi claro a relación das figuras entre si.




**O puntiño (*Dotted note*)**
O primeiro elemento que temos que explicar é o puntiño. Hai que recorrer ao vocabulario matemático, que teñen que xa ter traballado. Pero como xa teñen memorizada a canción, a súa comprensión vai ser máis doada.
Podemos apoiarnos nos exemplos que xa aparecen.

**O caldeirón e os signos de repetición (*Fermata and repeat sign*)**
Estes signos son empregados asiduamente na música. Podemos preguntar oralmente cal é o resultado dos memos na partitura que estamos traballando para coñecer ata que punto saben como se empregan.
Podemos axudarnos con imaxes da Internet doutras partituras, cos audios correspondentes:

- *Marcha turca de* ***Mozart***
  https://www.youtube.com/watch?v=CdJWc6A-shE



**A síncope (*Syncopation*)**




Este concepto xa foi traballado en cursos anteriores, e precisamos dun repaso do acento.

Para explicar o acento empregaremos as palabras. Na materia de lingua castelá ou galega, o alumnado xa traballou coas palabras agudas, graves e esdrúxulas, é dicir, xa saben clasificar as palabras segundo vaia colocado o acento. Polo tanto, comparando ambos acentos, o alumnado o asimilará con máis facilidade. Empregaremos palabras en inglés para seguir afondando no idioma:




Unha vez practicado o acento, ao ter memorizada a obra, a asimilación da síncope será máis sinxela. Aparecen audios para axudarnos a practicalo.

**A forma musical (*Form*)**

A estrutura de calquera peza podemos facela mediante a partitura ou pola audición. Para profundar neste aspecto, imos complementar a información que xa temos con audicións de outras obras e buscaremos a súa estrutura. Podemos empregar recursos da rede como os que seguen ou facer esquemas na encerado, un mesmo ou pedirlle ao alumnado que colabore:

- *Momento musical nº 3 de **Schubert***
  https://www.youtube.com/watch?v=w0-xtNvzeDE
- *Scherzo do Cuarteto nº 2 Op. 18 de **Beethoven***
  https://www.youtube.com/watch?v=s6A4JtqVU_w







Para comprobar a asimilación destes contidos, realizarán o exercicio de **Pregunta-Resposta (*Let´s practice*!)**.




**O ditado musical (*Ear training*)**
Imos facer práctica auditiva. O alumnado ten que elixir a opción correcta segundo o audio que está a escoitar. Aparecen elementos da partitura traballada.
Este exercicio é moi importante no desenvolvemento auditivo de cada alumno/a, e permitirá que pouco a pouco recoñezan todos os elementos cos que traballamos auditivamente. Poden repetilo cantas veces queiran ou precisen.

**Creando novas letras (*Creating new lyrics*)**
Un dos obxectivos deste curso, é a creación de novos textos para melodías coñecidas. O alumnado comeza a práctica con esta canción por ter unha melodía moi sinxela. Dispoñen dun exemplo.
Hai que lembrarlles que <u>o acento é moi importante á hora de elixir as palabras</u>.
Poden facela en inglés, castelán ou galego. Dánselle todas estas opcións, xa que para a creación das letras cun bo uso do acento, é necesario ter interiorizado un idioma; pode que en inglés lles resulte demasiado complicado.




**Os instrumentos (*Instruments in the Stone and Bronze Age, ancient civilizations, Greece and Rome*)**
Nestes apartados aparece unha selección dos instrumentos máis importantes de cada unha das civilizacións e épocas traballadas, cunha pequena explicación da forma e do seu uso, e con debuxos para facilitar a súa comprensión.
Para completar a información, empregaremos a rede na que buscarán o son destes instrumentos e como se interpretan.




Para comprobar se o alumnado consegue diferenciar cada un dos instrumentos traballados, realizarán o exercicio **Verdadeiro-Falso (*True- False Question*)**.



**Actividades de ampliación (*Scale- up activities*)**
**Creando un instrumento (*Building an instrument*)**

Explícanse os pasos a seguir para a construción dun dos instrumentos estudados, empregando material caseiro: o **arco musical**. Aparece un vídeo co resultado final, amosándonos como se toca o instrumento que creamos.

Neste exercicio tamén se amosa a posibilidade de crear novos instrumentos con materiais similares ao anterior; pediráselle ao alumnado que deixen voar a súa imaxinación e creen novos obxectos sonoros.

Cando os teñan feitos, poderase facer unha pequena improvisación xuntos/as, imitando aos homes da Prehistoria.




**Lim *Once upon a time...***




Para finalizar aparece un LIM, con diferentes xogos sobre o traballado, para que o alumnado goce dun tempo lúdico despois do esforzo realizado.

## Solucionario

### Actividade sobre as antigas civilizacións

It is believed that history of music started in the **Stone Age**, when people realized that by hitting the ground or one stone with another they could produce sound. At that moment music was used to **send messages**. We know about some instruments because they were depicted in a cave in the south of **France**.

Music developed in the ancient civilizations of **Mesopotamia**, Egypt, China and **India**. Later **Greece**, mainly, and Rome, developed the bases where our musical theory lays.

In Mesopotamia and Egypt **priests** and priestesses studied music because it was considered something divine, but everybody could play it in parties and dances that were not religious celebrations. These two civilizations were very similar and used to give presents to each other like dancers and musicians. **Nebuchadnezzar** was a king in **Mesopotamia** who used to throw big parties with music. These parties were registered in the books of the moment. In Egypt we discovered music through **hieroglyphs** in tombs.

These two civilizations influenced Greece, where the bases of the current musical theory were laid. **Pythagoras** developed the scale and philosophers like Plato and **Aristotle** onsidered music as something essential to educate good citizens who lived in polis, Greek cities. It was so important that there were even competitions like the **Olympics** and musicians were very famous.

**Drama** was a mix between theatre, music and dance. There’s evidence of this in the books found where there was **alphabetic** notation, symbols indicating notes placed above words in poems.

**Rome** imitated everything that was done in Greece. Music was used in **circuses**, amphitheaters during gladiator’s battles and in theatre performances. They used big **choirs** accompanied by brass instruments.

### Actividade sobre os elementos da Linguaxe Musical

1. **Which two symbols are used in this rythm?** Dotted note and syncopation
2. ***ABC*: it´s a form** Ternary
3. **What is the correct?**



4. **What form does a pop song usually have?** Rondo
5. **What symbol are you listening to?** Dotted note

*Ear training*

1. 
2. 
3. 
4. 
5. 

*True- False* sobre os instrumentos

1. The pan flute is an instrument that was only used in China. **False**
2. Tibia is the Roman name for the double-aulos. **True**
3. We know about instruments in China thanks to the philosopher Confucio. **True**
4. The cornu was used in religious celebrations. **False**
5. The bullroarer was an instrument made of stone and bone. **True**
6. The harp is an instrument from the Egyptian culture. **True**
7. This instrument was called Sheng. **False**
8. This instrument is called scabillum. **True**
9. The tabla is a wind instrument in India. **False**
10. This instrument is a tuba. **True**

Lim *Once upon a time...*

***1. Where are they from?***



**Greece**





**India**





**Mesopotamia**



***2. What did we learn about the "solfeggio"?***

It is a symbol that adds half of the note. **Dotted note** (6)
The element of the bar that indicates the note that will occupy that beat. **Denominator** (2)
We have to lengthen the duration of the figure to which it is attached. **Fermata** (5)
It is a structure of a score. **Form** (1)
The element of the bar that indicates the number of beats. **Numerator** (3)
When a note is in the weak part, it is lengthened until strong part. **Syncopation** (4)

***3. Classify these instruments according to their family:***

**WIND**





**STRING**





***4. Find the name of these instruments:***

**Scabillum phorminx sarangi panpipe hydraulis cornu sarod bullroarer**

***5. Let´s play with a puzzle!***

**A egyptian musicians**



## Rúbrica: avaliación

| | Mal (1) | Suficiente (3) | Excelente (5) | (*) |
|---|---|---|---|---|
| **Coñecer como foron os comezos da música na Prehistoria e nas civilizacións antigas.** | O alumno/a non sabe recoñecer as distintas civilizacións; non sabe as características máis importantes de cada unha delas. | O alumno/a identifica as distintas civilizacións, pero non consegue definir cales foron as aportacións máis importantes das mesmas á música. | O alumno/a identifica todas as civilizacións, coñece as aportacións de cada unha das civilizacións antigas e sabe situalas no espazo e no tempo. | |
| **Asimilar a importancia que tiveron Grecia e Roma.** | O alumno/a non aporta ningún dato sobre estas dúas civilizacións, nin no aspecto musical nin en ningún outro. | O alumno/a recoñece a importancia de Grecia e Roma no panorama musical, pero non sabe contextualizar as dúas civilizacións. | O alumno/a coñece as aportacións de Grecia e Roma á música como a coñecemos hoxe en día; sabe situar no tempo e no espazo ás dúas civilizacións. | |
| **Identificar os instrumentos de cada unha das épocas e das civilizacións.** | Non identifica ningún dos instrumentos das civilizacións que estivemos a traballar. | Identifica algún dos instrumentos das civilizacións estudadas. | Identifica todos os instrumentos de cada unha das épocas e civilizacións, tanto visual como auditivamente. | |
| **Asimilar o concepto de pulso e compás** | Non ten asimilado o concepto de pulso nin compás, o que lle dificulta a realización de certas actividades. | É capaz de manter o pulso, pero aínda presenta dúbidas á hora de interpretar as pezas. | Ten asimilado os conceptos de pulso e compás, o que lle permite interpretar con corrección as pezas traballadas. | |
| **Identificar e saber realizar o puntiño e o caldeirón.** | Non sabe executar nin o caldeirón nin o puntiño, e ten dificultades para recoñecelos. | Identifica o caldeirón e o puntiño pero ten dificultades ao hora de realizalo. | Recoñece e sabe realizar o puntiño e o caldeirón. | |
| **Saber executar os signos de repetición nunha partitura.** | Non identifica nin sabe executar os signos de repetición nunha partitura. | Identifica os signos de repetición pero non sabe realizalos. | Recoñece os signos de repetición e realízaos correctamente. | |
| **Recoñecer unha síncope e saber executalo.** | Non identifica nin sabe executar unha síncope. | Identifica unha síncope pero non logra executala. | Identifica e sabe executar correctamente unha síncope. | |
| **Interpretar con seguridade, vocal e instrumentalmente, a canción grega de *Seikilos*.** | Non é capaz de interpretar nin vocal nin instrumentalmente a peza traballada; non ten boa afinación e non sabe empregar os instrumentos propostos. | Interpreta con corrección a peza traballada vocalmente, pero presenta algunhas dificultades á hora de interpretala con instrumentos *Orff*. | Interpreta co bo gusto e precisión vocal e instrumentalmente a peza traballada na unidade. | |
| **Asimilar os contidos traballados na unidade** | Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade. | Algúns contidos os ten memorizados, pero outros lles falta asimilalos. | Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade. | |

| DU 3: From Dark Ages to Oddly Shaped Pearl | |
|---|---|
| Obxectivos Xerais | b), c), e) f), g), i) |
| Obxectivos Específicos | • Coñecer a historia da música na Idade Media, Renacemento e Barroco, a través das obras e compositores máis importantes.<br>• Identificar os instrumentos empregados nestes tres grandes momentos da historia da música.<br>• Saber executar unha danza renacentista sinxela.<br>• Coñecer e saber executar o compás 4/4.<br>• Coñecer e saber empregar as distintas alteracións.<br>• Saber realizar os distintos tipos de ligadura.<br>• Interpretar vocal e instrumentalmente unha obra de cada época. |
| Competencias Clave | CCL, CM.CCIF, CCID, CAA, CSC, CPIP, CCA. |
| Contidos | • A música na Idade Media, Renacemento e Barroco:<br>  • Historia, compositores e obras<br>  • Instrumentos<br>  • Danzas<br>• O compás 4/4<br>• As alteracións.<br>• As ligaduras: definición e tipos. |
| Criterios de avaliación | • Coñecer os aspectos máis importantes da historia da música na Idade Media, Renacemento e Barroco.<br>• Recoñecer algunhas das obras máis importantes e os seus compositores.<br>• Identificar os instrumentos de cada época.<br>• Saber executar unha danza renacentista sinxela.<br>• Asimilar o concepto de acento.<br>• Saber realizar o compás 4/4.<br>• Coñecer e saber empregar as distintas alteracións.<br>• Identificar e saber realizar os distintos tipos de ligadura.<br>• Interpretar con seguridade e bo gusto, vocal e instrumentalmente, as obras traballadas.<br>• Asimilar os contidos traballados na unidade. |




Para comezar esta UD, imos situar cronoloxicamente ao alumnado, axudándonos da liña do tempo e tamén podemos buscar máis recursos na rede.

Podemos facer unha choiva de ideas, para saber que coñece o alumnado destes 3 períodos que imos traballar, con preguntas sinxelas como:

- *Onde vivían na Idade Media? Castelos*
- *Quen escribía os primeiros libros? Os monxes*
- *Quen é Bach? Compositor*
- *Alguén coñece a Leonardo da Vinci? Inventor*
- *Algún edificio construído no Barroco? Versalles*

Tamén podemos pedir a colaboración do profesor de Ciencias Sociais.




**A Idade Media, o Renacemento e o Barroco (*Middle Age, Guido D´Arzzo, Renaissance, Baroqe Period*)**

Nesta unidade traballaremos sobre estes períodos na historia da música, expoñendo os datos máis importantes, así como os compositores e as súas obras máis salientables, xa que afondar moito sería demasiado complicado e incluso aburrido para o alumnado desta idade.




Menciónase nun apartado ao monxe *Guido D´Arezzo*, xa que foi o creador da notación, que é a base da que existe hoxe en día, e doutros elementos, como a man *guidoniana*, que poden resultar interesantes e divertidos para o alumnado.

Toda esta información pode reforzarse empregando fotografías das distintas épocas, xa que é moito máis sinxelo para un neno/a situarse ao ver un castelo medieval ou un gran baile renacentista; todo este coñecemento previo facilitará a comprensión da música dese tempo. Algúns enlaces:

- **Idade Media**:

https://www.youtube.com/watch?v=VuvLGtZRDbs
https://www.youtube.com/watch?v=rn8mMjjN3UM
https://www.youtube.com/watch?v=6EAMqKUimr8

- **Renacemento**:

https://www.youtube.com/watch?v=h363qzIivmg
https://www.youtube.com/watch?v=v1zeIrO50mY

- **Barroco**:

https://www.youtube.com/watch?v=RAiAM_oHeyg
https://www.youtube.com/watch?v=GoYPkChHhKM
https://www.youtube.com/watch?v=CHoFw46XwQU

Os compositores, cos seus retratos, teñen enlaces ás súas obras máis importantes, pero non son as únicas, polo que sería interesante que o alumnado buscara máis información.







Nesta primeira parte o alumnado terá que investigar dous personaxes moi importantes: ***Leonardo da Vinci*** e ***Stradivarius***. Poden facelo en grupos, como tarefa na clase ou para traballar na casa.

Tamén aparece un exercicio de **Pregunta- Reposta** (***Are you listening to? One or two voices?***) con audios, para que distingan entre monodia e polifonía.







Para que o alumnado afiance os contidos traballados sobre estes períodos realizarán o exercicio **Completa** (***What did you learn about these 3 periods in the history of music?)***

**As partituras**

Neste apartado aparecen as 3 partituras que se traballarán na unidade, unha por cada período musical:

- Idade Media: **Cantiga 100, *Alfonso X, o Sabio***
- Renacemento: **Come Again, *John Downland***
- Barroco: **Te Deum, *M. A. Charpentier***

# Cantiga 100

Alfonso X el Sabio



# Come Again

John Downland



# Te Deum

M. A. Charpentier



Seguimos as mesmas pautas: o alumnado dispón dos vídeos de apoio para poder practicar cada un dos instrumentos, así como o resultado final nun audio. Intentaremos que o alumnado vaia rotando, para que non sempre toquen os mesmos instrumentos.
É recomendable que se visualicen vídeos das obras antes da súa práctica, para ter unha idea clara de como soan, e así será máis sinxelo para eles/as.
Algúns enlaces:

- **Cantiga 100**: https://www.youtube.com/watch?v=opEXfcsl2YQ
- **Come again**: https://www.youtube.com/watch?v=JB9LXUtW2FM
- **Te deum**: https://www.youtube.com/watch?v=iwU37osOkQA

## O compás 4/4 (*Time signature 4/4*)




Con esta partitura imos comezar a práctica do compás 4/4. É recomendable empregar a partitura, que xa saben, para poder asimilar mellor o concepto.
A improvisación, empregando o metrónomo que marca o pulso e as palmas e pasos, é un dos exercicios máis efectivos á hora de asimilar os distintos compases. Podemos escribir diferentes ritmos no encerado e que os vaian combinando. Podemos incluír cambios de compás para que diferencien os distintos acentos.
Este compás é un dos máis habituais na música que escoita o alumnado hoxe en día, polo que a súa asimilación non debería resultar moi difícil.

## As alteracións (*Accidentals*)

O primeiro paso é que teñan claro o concepto de ton e semitón. Podemos empregar outros sistemas de medidas, como por exemplo, o metro ou o litro, para explicarlles que o ton é a distancia maior entre dous sons, e que o semitón é a metade do ton:




**1 TON=2 SEMITÓNS**



Unha vez afianzado isto, pasaremos ás alteracións. Podemos debuxar unha escada, marcando a dirección das alteracións, como esta, para explicar o concepto graficamente:




Un exercicio de **Completa** (***About time signature and accidentals***), axudaranos a comprobar o grao de asimilación dos conceptos de compás e alteracións, importantes para poder continuar cos outros contidos.

**A ligadura (*The tie and the slur*)**

A diferenza entre os dous tipos de ligadura é o máis importante deste apartado. Traballaremos coa partitura, pero tamén podemos buscar outras como axuda:

- *Cadros dunha exposición de **Mussorgsky***
- *Vals en La m de **Chopin***




Podemos traballar oralmente sobre isto:

- *Dúas brancas cun silencio entre elas pódense ligar? Non, o silencio corta esa unión.*
- *Empregamos ligaduras entre os silencios? Non é necesario.*
- *Se unha ligadura de unión vai entre dúas brancas, cal é o resultado? Unha redonda*




Ao finalizar a explicación dos contidos referidos ao Linguaxe Musical, comprobaremos a súa asimilación co exercicio **Verdadeiro-Falso** (***True- False Question***).




**Os instrumentos na Idade Media, Renacemento e Barroco (*Instruments in the Middle Age, Renaissance e Baroque*)**

Nestes apartados aparecen explicados con debuxos, os instrumentos máis importantes de cada época, que como se pode observar, son sempre moi similares.

É importante que o alumnado empregue as redes para buscar como soaban estes instrumentos. Cada vez son máis habituais os grupos de música antiga, polo que se dispoñen de moitos recursos.






Algúns exemplos son:

- **Idade Media**:

https://www.youtube.com/watch?v=2Ios-NT0fNI

- **Renacemento**:

https://www.youtube.com/watch?v=GrO2va4SBlc
https://www.youtube.com/watch?v=PfqkA5qMi3I

- **Barroco**:

https://www.youtube.com/watch?v=tMJdNgFMUJA




Para comprobar os contidos referidos aos instrumentos, faremos o exercicio **Verdadeiro-Falso** (***True- False Question***).

**Danzas no Renacemento (*Renaissance dances*)**




Antes da explicación, imos visualizar vídeos de danzas renacentistas e barrocas e faremos unha serie de preguntas:

- *Que tipo de movementos fan? (bruscos, suaves)*
- *Como son os pasos? (grandes, pequenos)*
- *Que elementos aparecen sempre?*
- *Como é o ritmo: lento ou rápido?*
- *Que diferencias hai entre unha época e a outra?*

- Bailes **renacentistas**: https://www.youtube.com/watch?v=45PBlB-nrH4
- Bailes **barrocos**: https://www.youtube.com/watch?v=9wlU4PP1eUI

Podemos propoñer unha actividade de creación dunha coreografía cos movementos que aparecen nos vídeos, empregando as obras traballadas na unidade, en grupos de 4 ou 5. Pode ser un traballo a largo prazo, ou a modo de improvisación na clase.

**Bailemos unha pavana (*Let´s dance a pavane*)**




Neste apartado faremos unha coreografía dun baile renacentista, a pavana. Dispoñen do audio, e dun esquema cos pasos a seguir. Ademais aparece un vídeo onde se amosa un exemplo.

**Actividades de ampliación (*Scale- up activities*)**

**Lim *From Dark Ages to Oddly Shaped Pearl***

Para finalizar, como en todas as UD, aparece un LIM, con diferentes xogos sobre o traballado, para que o alumnado teña unha pequena recompensa polo esforzo realizado.

## Solucionario

### Are you listening? One or two voices?

1. Monody
2. Polyphony
3. Polyphony
4. Monody

### Actividade sobre historia

In the Middle Age only the monks could write music thanks to one of them, **Guido** D´Arezzo, who invented a new form of musical notation called **square** notation that used four-line staves. He also invented the name of the notes from a **hymn** by Saint John the Baptist. The musical note C was called UT at the beginning.

Songs, thanks to the pope **Gregory** I were called Gregorian chant and were performed a **capella** in a **Latin**. ut not only monks sang; the rest of the population sang and danced with **troubadours** and minstrels who used instruments and told stories.

When **Columbus** discovered America in 1492 music was not only performed in churches, but also in palaces and castles. **Dancing** became one of the most important forms of entertainment. The two most important genres were the **motet** and the madrigal. We are in the **Renaissance**.

During the Baroque period kings loved to have a chapel master in their castles who was in charge of composing music for the parties and special occasions. Sun King in France had the first orchestra which is known as **The 24 Violins** f the King. They loved ornaments and exaggeration and the same happened with music: it was excessively ornate and complicated. A new genre emerged, **opera** and also the first theatres to perform it. The first one of them was in **Venice**. The most important composers from this perios were **Bach**, Haendel and **Vivaldi**.

### Actividade dos compases e as alteracións

A bar is represented by a **fraction**, and as such it has two elements, the **numerator** and the denominator.

The numerator indicates the **number** of notes, whereas the denominator indicates the note that is used.

4/4 is made up of **four** quarter notes or one **whole note**, whereas the ¾ has three **quarter** notes or a **dotted** half note.

2/2 is made up of **two** half notes. 2/8 has two **eighth notes**.

If a bar is made up of two half notes it will be a **2/2** or 4/4.

Two quarter note rests will fill a **2/4** bar.

Accidentals are signs that modify the **height** of the notes. They are the **sharp**, **flat** and **natural** sign.

The natural sign nullifies the other two.

The **key signature** affect the whole score, whereas accidentals only the same notes in the same **bar**.

## Verdadeiro- Falso de Linguaxe Musical

1. False
2. True
3. True
4. False
5. False
6. True
7. True

## Verdadeiro- Falso sobre instrumentos

1. The vihuela is an instrument with Spanish origin. **True**
2. The violin family appeared in the Renaissance. **False**
3. The shawn is the predecessor of the oboe. **True**
4. The bucina was used in monasterios **False**
5. The viola da braccio used to be played placing it between the legs. **False**
6. The recorder was at its peak in the Renaissance. **True**
7. This instrumen, is called psaltery. **False**
8. In the first orchestras the conductor was the harpsichordist. **True**
9. This instrument, is called rabel. **False**
10. The sackbut is the predecessor of the trombone. **True**

## Lim *From Dark Ages to Oddly Shaped Pearl*

***1. Find the correct word?*** **Renaissance**

***2. Put in the correct side:***

| **MUSICAL SIGN** | **DANCES** |
|---|---|
| ***Slur*** | ***Pasacaglia*** |
| ***Tie*** | ***Galliard*** |
| ***Staccato*** | ***Pavanna*** |

***5. Choose the correct one:***

1. Key
2. Sharp
3. Dotted note
4. Tie
5. Slur
6. Flat

## Rúbrica: avaliación

| | Mal (1) | Suficiente (3) | Excelente (5) | (*) |
|---|---|---|---|---|
| **Coñecer os aspectos máis importantes na Idade Media, Renacemento e Barroco.** | Non sabe situar cronoloxicamente ningún dos 3 períodos, nin expoñer puntos importantes do contexto social e histórico nin musical. | Sabe situar os 3 períodos cronoloxicamente e expoñer algún dato salientable do contexto social, pero ten dificultades para nomear compositores e obras. | Sabe expoñer os puntos máis importantes da evolución da música nestes 3 períodos, indicando compositores e obras importantes, ademais do contexto social e histórico. | |
| **Recoñecer as obras máis importantes e os seus compositores.** | Non identifica nin as obras nin os compositores máis importantes destes 3 períodos musicais. | Identifica as obras pero ten dificultades para saber o nome do compositor. | Recoñece as obras e os compositores máis destacados destes períodos musicais. | |
| **Identificar os instrumentos de cada época.** | O alumno/a non sabe recoñecer os instrumentos de cada época. | O alumno/a identifica algúns dos instrumentos, situándoos na época correcta. | O alumno/a identifica todas os instrumentos e os sitúa na época que lles corresponde. | |
| **Saber executar unha danza renacentista sinxela.** | O alumno/a é incapaz de executar os pasos básicos da danza. | O alumno/a presente algunha dificultade para manter o pulso na danza e nalgúns movementos. | O alumno/a executa con soltura os pasos básicos da danza e goza facéndoo. | |
| **Asimilar o concepto de acento.** | Non recoñece o acento musical das pezas. | Identifica o acento pero ten problemas á hora de asimilalo como parte dunha peza musical. | Sabe identificar o acento de cada compás traballado, e comprende a importancia do mesmo para poder interpretar as obras con corrección. | |
| **Coñecer e saber empregar as distintas alteracións** | Non sabe identificar o ton e o semitón na esca la de Do M, nin os recoñece auditivamente. | Sabe que é un ton e un semitón, e a relación entre ambos, pero lle costa recoñecelos na escala de Do M e auditivamente. | Sabe identificar correctamente todos os tons e semitóns dentro da escala de Do M; os identifica auditivamente con corrección. | |
| **Saber realizar os distintos tipos de ligadura** | Non recoñece nin sabe realizar os distintos tipos de ligaduras. | Recoñece as distintas ligaduras pero non sabe executalas con corrección. | Recoñece e sabe realizar correctamente os distintos tipos de ligadura traballados. | |
| **Interpretar con seguridade, vocal e instrumentalmente, as obras.** | Non é capaz de interpretar nin vocal nin instrumentalmente as pezas traballadas; non ten boa afinación e non sabe empregar os instrumentos propostos. | Interpreta con corrección as pezas traballadas coa voz, pero con dificultades ao interpretala con instrumentos *Orff*. | Interpreta co bo gusto e precisión vocal e instrumentalmente as pezas traballadas na unidade. | |
| **Asimilar os contidos traballados na unidade** | Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade. | Algúns contidos os ten memorizados, pero outros lles falta asimilalos. | Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade. | |

| DU 4: Bye bye Reason! Hello Feelings! | |
|---|---|
| Obxectivos Xerais | b), c), e) f), g), i) |
| Obxectivos Específicos | • Coñecer a historia da música no Clasicismo e Romanticismo, a través de obras e compositores máis importantes.<br>• Identificar os instrumentos empregados nestes dous grandes momentos da historia da música.<br>• Bailar un vals sinxelo.<br>• Asimilar o concepto de tonalidade.<br>• Identificar as diferentes texturas nas obras musicais.<br>• Coñecer novos indicacións referidas ás dinámicas.<br>• Identificar a forma chamada- resposta.<br>• Interpretar vocal e instrumentalmente as dúas obras. |
| Competencias Clave | CCL, CM.CCIF, CCID, CAA, CSC, CPIP, CCA. |
| Contidos | • A música no Clasicismo e Romanticismo:<br>  • Historia, compositores e obras<br>  • Instrumentos<br>  • Danzas<br>• A tonalidade<br>• A textura.<br>• As dinámicas.<br>• A forma musical: chamada- resposta |
| Criterios de avaliación | • Coñecer os aspectos máis importantes da historia da música no Clasicismo e Romanticismo.<br>• Recoñecer algunhas das obras máis importantes e os seus compositores.<br>• Identificar os instrumentos e agrupacións instrumentais de cada época.<br>• Executar un vals sinxelo.<br>• Asimilar o concepto de tonalidade.<br>• Identificar a textura de diferentes obras.<br>• Comprender a forma chamada- resposta.<br>• Recoñecer os novos signos referidos ás dinámicas.<br>• Interpretar con seguridade e bo gusto, vocal e instrumentalmente, as obras.<br>• Asimilar os contidos traballados na unidade. |




Para terminar a 1ª avaliación, traballaremos a música no Clasicismo e Romanticismo, épocas onde aparecen os compositores máis facilmente recoñecibles polo alumnado, como *Mozart* ou *Beethoven*.
Como estamos cerca do período do Nadal, tamén imos practicar algunha panxoliña inglesa típica deste tempo.
Para comezar a traballar neste tema, como xa vimos facendo, situar cronoloxicamente ao alumnado facilitaralle a comprensión de todos os contidos da UD.
Empregaremos a liña do tempo que aparece, pero tamén buscaremos fotografías ou vídeos que amosen as vivendas, salóns, a vestimenta, peiteados, etc., destes dous períodos, para que a contextualización social e histórica sexa mais completa.




**O Clasicismo e o Romanticismo** (***Classicim***, ***Romanticism***)
Antes de comezar a explicación, podemos facer unha pequena choiva de ideas, preguntándolles:




- *Coñecedes algunha obra de Mozart? Beethoven?*
- *Que danzas bailábanse no Romanticismo?*
- *Quen sabe que é o Concerto de Aninovo de Viena?*
- *Quen era Mozart?*

Unha boa actividade é que eles/elas mesmos/as busquen a información referida a estes períodos, para que desenvolvan a capacidade de síntese, ao ter que quedarse só co máis salientable.
Nestes apartados aparecen as características máis importantes destes períodos e os compositores e a súas obras, con retratos de cada un deles e enlaces a vídeos para que poidan escoitar as pezas.



**Audición comentada: A frauta máxica (*Listening lesson: The Magic Flute*)**




Unha audición comentada é unha sesión que consiste en escoitar música mentres se van explicando características, estilo, forma, etc., da obra, cunha linguaxe sinxela e divertida, incluso ás veces, empregando debuxos.
Neste apartado imos facer unha audición dunha das obras que van a interpretar, o *Dueto de Papageno e Papagena*. Aparece a explicación da ópera onde está incluída, e unhas indicacións do que está soando, para que o alumnado faga unha escoita comprensiva.

Se se dispón de tempo, pódense escoitar outros fragmentos da ópera, porque ten unha historia divertida para o alumnado e de fácil comprensión. Trátase dunha das obras máis facilmente recoñecibles.

Coa profesora de plástica, pódese realizar un traballo conxunto: un banda debuxada (*comic*) baseado na historia da ***Frauta Máxica***, poñendo os audios na clase para a inspiración do alumnado.

Para comprobar a asimilación dos contidos, realizarán un exercicio **Completa** (***What did you learn about Classicism and Romanticism?***)




**As partituras**
Neste apartado aparecen as 2 partituras que se traballarán na unidade, unha por cada período musical:

- Clasicismo: **Dueto de Papageno e Papagena**, **A Frauta Máxica** de ***W.A. Mozart***
- Romanticismo: **O Vals do Emperador** de ***R. Strauss***.

Seguimos as mesmas pautas: o alumnado dispón dos vídeos de apoio para poder practicar cada un dos instrumentos que participa, así como o resultado final nun audio. Lembrade que é moi positivo que vaian rotando nos instrumentos.
É recomendable que se visualicen vídeos das obras antes da súa práctica, para ter unha idea clara de como soan, e así será máis sinxelo para eles/as.
Algúns enlaces:

- **Papageno e Papagena:** https://www.youtube.com/watch?v=0PJCnZCSD5o
- **Vals do Emperador**: https://www.youtube.com/watch?v=MndC1UGJ6Kw (minuto 5:16)

# Papageno and Papagena

W. A. Mozart




Emperor Waltz
J. Strauss
Flute
Bass Xylophone
Metalophone
mf
mf
mp
10
Fl.
B. Xyl.
Metl.
20
cresc.
cresc.
cresc.
30
f
f
f

**A tonalidade (*Tonality*)**




Ademais da proposta que aparece, podemos traballar tamén con outros exemplos, como por exemplo, preguntar sobre as distintas cores da roupa.
Sería bo escoitar pezas en diferentes modos. Podemos preguntarlles se eles/as coñecen algúns exemplos.
Tamén podemos repasar a escala de Do Maior e debuxar no encerado os tons e semitón e relacionalo con outras escalas como Fa Maior ou Sol Maior, que son as que empregaremos, pola tesitura do instrumental *Orff*.

É un concepto moi abstracto e que para o alumnado menor de 12 anos, será analizado de forma mecánica, xa que, como di *Piaget*, non dispoñen das ferramentas necesarias para a súa completa comprensión.
É moito mais sinxelo para eles/elas, diferenciar a modalidade, sobre todo empregando os recursos que aparecen.




Para desenvolver este concepto, teñen este exercicio de **Pregunta-Resposta** (***What kind of scale are you listening to?***), con audios de modalidades menores e maiores.

**A textura *(Texture)***




Este concepto tamén resulta un pouco ambiguo para o alumnado desta idade, polo que é mellor recorrer á vista para unha mellor compresión. No encerado podemos debuxar liñas, segundo cada textura, mesturadas, unha antes ca outra, unha máis grande e outra con movementos, etc. , e cada unha explicando e buscando exemplos de audios, e tamén de partituras.
Explicación e exemplos:
[https://musicnetmaterials.wordpress.com/2018/06/26/la-textura-musical/](https://musicnetmaterials.wordpress.com/2018/06/26/la-textura-musical/)




**Improvisando (Improvising!!!!)**

Un dos obxectivos deste curso é a creación de novas melodías. Xa estivemos practicando a improvisación en moitos dos exercicios anteriores, e agora seguimos no mesmo camiño, pero pedíndolles que creen unha nova melodía usando como base o acompañamento que aparece, que é un baixo *Alberti*. Este tipo de exercicio desenvolve a imaxinación dos rapaces así como a súa capacidade de inventiva e creatividade.
Se algunha das melodías creadas é do gusto de todos, podemos traballala na clase, e pensala como unha opción para o Concerto Final.

**Os matices (*Dynamics*)**




Estes conceptos xa foron traballados en cursos anteriores, e repasados na primeira unidade. Aquí aparecen os reguladores como elemento novo, e repásanse os que xa se coñecen. Sempre é bo facer unha pequena choiva de ideas, antes da explicación para saber o grado de asimilación destes contidos, que xa teñen que ter moi traballados.
En caso de dúbidas, pódese recorrer os vídeos que aparecen como recomendados na unidade 1.

**A forma: chamada- resposta (*Call and response form*)**

Cando traballamos coas partituras un dos elementos esenciais no seu estudo é a forma que teñen, xa que facilita a comprensión das mesmas.
A forma, aínda que non estea como contido na unidade deberá traballarse con cada unha das partituras. Nesta unidade aparece un apartado específico, xa que imos coñecer unha nova estrutura: a chamada-resposta. Cos debuxos que aparecen como exemplo é moi fácil de comprender.







**Os instrumentos no Clasicismo e Romanticismo (*Instruments in Classicism and Romanticism*)**

O mais destacado nestas épocas en canto aos instrumentos é a formación das orquestras: para poder observar os cambios é necesario recorrer a recursos na rede, como vídeos, para que o alumnado sexa consciente da estrutura destas grandes agrupacións.

Algúns exemplos:

- **Clasicismo**: https://www.youtube.com/watch?v=sS_b-roGQnc
  https://www.youtube.com/watch?v=r_oK8dKIBYc
- **Romanticismo**: https://www.youtube.com/watch?v=al2JmnUvAnE
  https://www.youtube.com/watch?v=lQ0fKOpow14

Comprobamos todo o asimilado nun exercicio **Verdadeiro-Falso** sobre instrumentos (***What have we learnt about instruments?***)



**Danza no Clasicismo e Romanticismo (*Dance in the Classicism and Romanticism*)**




Este apartado céntrase no ballet, aínda que tamén podemos falar das danzas tradicionais dalgúns países como España ou Polonia.

Os recursos visuais son os mellores para a explicación destes contidos:

- Ballet clásico: https://www.youtube.com/watch?v=WlP2p7rV1js
- Ballet romántico: https://www.youtube.com/watch?v=lcqdN1hdNt0




**Bailemos un vals vienés (*Let´s dance a Viennese waltz!*)**

Aparecen as indicacións dos pasos básicos para bailar un vals no estilo vienés, que é o máis sinxelo para o alumnado desta idade.

Hai enlaces a vídeos e un exemplo desenvolvido por alumnado desa idade.

Unha vez aprendidos os pasos básicos, pódense montar coreografías, inventadas polo alumnado ou improvisadas na clase, empregando audios sacados das redes; outra opción poderías ser que algún dos alumnos/as interpreten a peza mentres outros/as a bailan.

**Actividades de ampliación (*Scale- up activities*)**




**Festexando o Nadal (*Christmas Carol*)**

Como xa diximos antes, atopámonos no final da 1ª avaliación, en período de Nadal. Aparece aquí unha panxoliña americana: ***Rockin around the Christmas tree***, escrita por ***Brenda Lee*** cando só tiña 13 anos. Trátase dunha panxoliña da que se fixeron moitas versións:

https://www.youtube.com/watch?v=4vn_I0-3WOk
https://www.youtube.com/watch?v=qFCfL7zzC4M
https://www.youtube.com/watch?v=hYJw6xuS85s

Para practicar a panxoliña, dispoñemos da partitura e a letra, e de audios: só a melodía, a voz e o acompañamento e só o acompañamento (a modo de karaoke).

**Lim *Bye bye reason! Hello feelings!***

Para finalizar, como en todas as UD, aparece un LIM, con diferentes xogos sobre o traballado, para que o alumnado teña unha pequena recompensa polo esforzo realizado.

# Solucionario

## Actividade sobre Clasicismo e Romanticismo

In the Classicism, **Cristofori** created a new instrument, the **pianoforte**, which is the predecessor of the piano.

The most important composers were from an Austrian city called **Vienna**. They were **Mozart**, Haydn and Beethoven. **Mozart** really liked composing opera, and some of them were **The Magic Flute** or Cosi fan tutte.

Haydn wrote **oratorios** that were the same as operas but with a religious text. The most famous one was **The Creation**.

**Beethoven**, who at the end of his life was getting more and more deaf, wrote 9 symphonies. In the last one of them he included a choir, which everybody knows, because it is the **Himno alla Alegria**.

When the Romanticism started, **piano** became the favourite instrument because there was no television or radio. Families used to get together to perform little concerts. Everyone who could afford it would get lessons.

With the piano new musical genres like the **nocturne** or the mazurka emerged. One of the composers who stood out was **Chopin**.

**Verdi** and Puccini stood out as opera composers, with compositions like **Traviata** and Turandot.

## Actividade sobre as escalas

1. **Minor**
2. **Major**
3. **Major**
4. **Minor**

## Verdadeiro- Falso sobre instrumentos

1.The double bass was used in orchestras in the Classicism and Romanticism. **True**
2. Saxophone was created in the $18^{th}$ **False**
3. Harps were used in orchestras in Classicism. **False**
4. Mozart was the first composer to use the clarinet in orchestras. **True**
5. The conductor used to be located in the piano to direct the performances. **False**
6. This instrument is called English horn. **True**
7. Tuba belongs to the woodwind instruments. **False**
8. The celesta is a string instrument. **False**

Lim Bye Bye reason! Hello Feelings!

1. **What is the name of these instruments?**




2. **Classify these instruments according to their family:**




3. **What are their names?**
    1. G- clef
    2. Quarter note
    3. Quarter note rest
    4. Dotted half note
    5. Hairpin
    6. Dynamic

4. **Let´s make a puzzle**

A classical orchestra



## Rúbrica: avaliación

| | Mal (1) | Suficiente (3) | Excelente (5) | (*) |
|---|---|---|---|---|
| **Coñecer os aspectos máis importantes no Clasicismo e Romanticismo.** | Non sabe situar cronoloxicamente ningún dos 2 períodos, nin expoñer puntos importantes do contexto social e histórico nin musical. | Sabe situar os 2 períodos cronoloxicamente e expoñer algún dato salientable do contexto social, pero ten dificultades para nomear compositores e obras. | Sabe expoñer os puntos máis importantes da evolución da música nestes 2 períodos, indicando compositores e obras importantes, ademais do contexto social e histórico. | |
| **Recoñecer algunha das obras máis importantes e os seus compositores.** | Non identifica nin as obras nin os compositores máis importantes destes 2 períodos musicais. | Identifica as obras pero ten dificultades para saber o nome do compositor. | Recoñece as obras e os compositores máis destacados destes períodos musicais. | |
| **Identificar instrumentos e agrupacións de cada época.** | O alumno/a non sabe recoñecer os instrumentos de cada época. | O alumno/a identifica algúns dos instrumentos, situándoos na época correcta. | O alumno/a identifica todas os instrumentos e os sitúa na época que lle corresponde. | |
| **Saber executar un vals sinxelo.** | Non coñece nin sabe interpretar os pasos dun vals. | Coñece os pasos do vals, pero ten dificultade á hora de interpretalos. | Sabe interpretar un vals con bo gusto e precisión rítmica. | |
| **Asimilar o concepto de tonalidade.** | Non recoñece a tonalidade dunha obra, nin comprende o concepto. | Identifica a tonalidade pero ten dificultades para asimilar o concepto. | Sabe identificar a tonalidade da peza, e comprende o concepto. | |
| **Identificar a textura de diferentes obras.** | Non recoñece ningunha textura das traballadas. | Identifica só a monodia e a polifonía pero non os tipos desta última. | Identifica todos os tipos de textura posibles nunha partitura. | |
| **Comprender a forma chamada- resposta.** | Non comprende nin sabe empregar esta forma. | Identifica esta forma, pero non sabe traballar con ela. | Identifica a forma chamada-resposta e sabe traballar con ela. | |
| **Recoñecer os novos signos referidos ás dinámicas.** | Non recoñece os novos signos nin sabe executalos. | Recoñece os novos signos pero non sabe realizalos. | Recoñece e sabe realizar os novos signos referidos ás dinámicas. | |
| **Interpretar con seguridade, vocal e instrumentalmente, as obras.** | Non é capaz de interpretar nin vocal nin instrumentalmente as pezas traballadas; non ten boa afinación e non sabe empregar os instrumentos propostos. | Interpreta con corrección a peza traballada vocalmente, pero presenta algunhas dificultades á hora de interpretalas con instrumentos *Orff*. | Interpreta co bo gusto e precisión vocal e instrumentalmente as pezas traballadas na unidade. | |
| **Asimilar os contidos traballados na unidade** | Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade. | Algúns contidos os ten memorizados, pero outros lles falta asimilalos. | Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade. | |

| DU 5: Breaking the Mold! | |
|---|---|
| Obxectivos Xerais | b), c), e) f), g), i) |
| Obxectivos Específicos | • Coñecer as distintas correntes musicais do século XX, a través de obras e compositores máis importantes.<br>• Identificar os instrumentos que xorden no s. XX.<br>• Improvisar unha danza libre.<br>• Coñecer e saber realizar unha cuña radiofónica.<br>• Coñecer as normas nun concerto e as características básicas da Propiedade Intelectual.<br>• Identificar a figura da semicorchea e saber realizala.<br>• Identificar os signos de abreviación e saber realizalos.<br>• Interpretar vocal e instrumentalmente as dúas obras. |
| Competencias Clave | CCL, CM.CCIF, CCID, CAA, CSC, CPIP, CCA. |
| Contidos | • A música no s. XX:<br>  ◦ Historia, compositores e obras<br>  ◦ Instrumentos<br>  ◦ Danzas<br>• A semicorchea<br>• Os signos de abreviación.<br>• A propiedade intelectual e normas de concerto. |
| Criterios de avaliación | • Coñecer os aspectos máis importantes da historia da música no s. XX.<br>• Recoñecer algunhas das obras máis importantes e os seus compositores.<br>• Identificar os instrumentos que xorden no s. XX.<br>• Saber improvisar unha danza libre con movementos inventados.<br>• Asimilar e saber executar a semicorchea.<br>• Identificar os signos de abreviación e realizalos correctamente.<br>• Saber como hai que comportarse nun concerto.<br>• Coñecer a propiedade intelectual e a súa aplicación.<br>• Interpretar con seguridade e bo gusto, vocal e instrumentalmente, as obras.<br>• Asimilar os contidos traballados na unidade. |




Volvendo das vacacións do Nadal, seguimos coa nosa viaxe, e chegamos xa ao s. XX: este século é moi complicado pola cantidade de correntes musicais que conviven ao mesmo tempo. O primeiro é situar ao alumnado cronoloxicamente, axudándonos da liña do tempo.

E despois contarémoslles os descubrimentos do século, e amosarémoslles vídeos que lle chamen a atención como os avances nas viaxes á Lúa ou a aparición do teléfono e televisión.

- Historia do s. XX: https://www.youtube.com/watch?v=98bOn-IIj8Q
- Os descubrimentos mais importantes: https://www.youtube.com/watch?v=7nDz9O3f6OI
- O home na Lúa: https://www.youtube.com/watch?v=G6A72ufn3l4
- Descubrimento do teléfono: https://www.youtube.com/watch?v=JsRt5lBdBfE




**Nacionalismo, Impresionismo, Expresionismo, Dodecafonismo, Neoclasicismo, Música aleatoria, Musica electrónica e Minimalismo (*Musical Natiolanism, Impressionism in music, Expressionism, Dodecaphonism, Neoclasicism, Aleatoric Music, ELectronic music, Minimalism*)**




Antes da explicación destes contidos o máis recomendable é comezar pola audición de diferentes obras das distintas correntes musicais, porque se trata dunha música a que non están acostumados, e pode resultarlles moi difícil.
Nestes apartados aparecen enlaces en cada un dos estilos.

Ao rematar cada audición pódense facer preguntas como:

- *Que diferencias hai coas anteriores?*
- *Que sensación tendes cando a escoitades?*
- *Soan moitos instrumentos?*
- *Recoñecedes algunha* melodía?

É recomendable explicar algunha destas correntes pero non pararse demasiado (Dodecafonismo ou Expresionismo), xa que as súas características son moi complicadas para estea alumnado. Aparecen nomeadas para que teñan unha idea de todas as que hai, pero non é necesario o seu afondamento.

Son máis doadas e divertidas a musica aleatoria ou electrónica. A primeira porque é moi visual xa que moitas das súas partituras son debuxos. A segunda porque é unha musica á que están máis acostumados de forma indirecta pola súa relación co que escoitan hoxe en dia.




A estrutura segue a mesma pauta que en unidades anteriores, con pequenas explicacións, debuxos dos compositores máis destacados con enlaces a vídeos das súas obras.

**Audición comentada: *Na gruta do rei da montaña* (*Listening lesson: In the hallo f the mountain king*).**

Faremos unha audición comentada deste fragmento da obra *Peer Gynt* de **Grieg**.

É un exemplo moi claro de música descritiva, con moitas repeticións que facilitan a súa escoita e comprensión por parte do alumnado.




Os pasos a seguir son:

- É recomendable que primeiro a escoiten sen ler nada, e despois facerlle preguntas (instrumentos, estilo, forma, etc.).
- A continuación explicarlles a historia da obra e deste fragmento en particular.
- Volver a escoitala e que dean a súa opinión sobre o que está a acontecer.
- E por último, comprobar se acertaron nas súas opinións lendo a información.




Tamén podemos propor que debuxen a historia en banda deseñada.

Aparece o enlace e o deseño rítmico empregado en todo o fragmento, que podemos usar para facer ditados rítmicos ou outros exercicios de linguaxe musical.

https://www.youtube.com/watch?v=pPLXNmKvLBQ

Para comprobar a asimilación dos contidos resolverán estas definicións no exercicio **Completa** (***What did we learn today?***)




**Compoñendo unha sinfonía! (*Composing a symphony!*)**




Neste apartado imos xogar coa música. A partir da música aleatoria, o alumnado terá as ferramentas necesarias para crear as súas propias partituras, e incluso interpretalas.
Dánselle pautas para que cuns dados compoñan a súa obra. Desenvolverán destrezas en matemáticas e en debuxo.
No caso de que algunha sexa do agrado de todo o grupo, poderán interpretala en grupo na clase.

**As partituras**
Neste apartado aparecen as 2 partituras de dúas das correntes que se traballan:

- Impresionismo: **Claro de Luna**, ***Claude Debussy***.
- Neoclasicismo: **Así habló Zaratustra**, ***Richard Strauss***.

Seguimos as mesmas pautas: o alumnado dispón dos vídeos de apoio para poder practicar cada un dos instrumentos que participa, así como o resultado final nun audio. Intentaremos sempre que o alumnado vaia rotando como nas outras unidades.

É recomendable que se visualicen vídeos das obras antes da súa práctica, para ter unha idea clara de como soan, e así será máis sinxelo para eles.
Algúns enlaces:

- **Claro de luna**: https://www.youtube.com/watch?v=ja7v4JTsLVw
  https://www.youtube.com/watch?v=XiWfPJLp2ko
- **Así habló Zaratustra:** https://www.youtube.com/watch?v=M-2ed2hY6Ck

# Clair de lune

*C. Debussy*






# Thus Spoke Zarathustra

*R. Strauss*









## A semicorchea (*The sixteenth note*)




Ata agora, esta figura non aparecera. Xa falaramos dela na unidade 1, no apartado de figuras, pero é necesario facer unha mención aparte para traballala. Na partitura de *Strauss*, o xilófono baixo só executa esta figura, polo que hai que practicala.

Podemos escribir esquemas no encerado e que o alumnado o repita coas palmas. Podemos combinar estes movementos con pasos que marquen o pulso ao redor da clase, e sempre co metrónomo, para que interioricen o ritmo.

## Os signos de abreviación (*The signs of abbreviations*)

Estes signos non son moi habituais nas partituras coa que este alumnado traballa, pero ás veces poden aparecer, como é no caso da obra de *Strauss*, na que o xilófono baixo sempre realiza o mesmo.

Hai moitos máis signos dos que aquí se explican, pero é suficiente con estes.

Para practicalo poden inventar algunha melodía onde os empreguen.







Para afianzar os contidos de Linguaxe musical, aparecen dous exercicios, un **adestramento auditivo** (***Ear training***) e un **Verdadeiro- Falso** (***What did we learn?***).




## Os instrumentos do s. XX (*Instruments in the 20th century*)




Neste apartado explícanse os instrumentos que xurdiron grazas as novas tecnoloxías e, sobre todo, á electricidade.

Para o alumnado resultan moi curiosos instrumentos como o *theremin*, onde o son se obtén sen tocar ningunha tecla ou corda, só movendo o aire.

Ademais, podemos falar das grandes orquestras clásicas que chegan a ter entre 120-150 músicos, para que non esquezan que a musica clásica se segue a compoñer e interpretar.

Aparecen os enlaces a cada un deses novos instrumentos así como os debuxos.

A asimilación dos contidos a comprobaremos cun exercicio **Verdadeiro- Falso** sobre instrumentos (***What did we learn about instruments?***)







**A danza no s. XX (*Modern dance*).**

O ballet continúa a súa evolución neste século, e a música busca romper con todo.

Os datos que se lle dan ao alumnado son moi simples, por exemplo, os nomes das bailarinas e creadoras deste bailes; o máis recomendable é a visualización dos vídeos que aparecen nos enlaces, para que comprendan os cambios que se producen.

**Improvisación dunha danza (*Let´s dance with feeling!)***

O que se pretende con esta actividade é que o alumnado cree movementos libres, e que os relacione coa música que está a soar. Isto permitiralle desenvolver a súa capacidade rítmica (ten que seguir o pulso da obra), a súa creatividade e a súa memoria visual (reproducirá os pasos que visualiza nos vídeos).

Ademais usarase música clásica, a cal non é habitual empregar para a danza.




**Actividades de ampliación (*Scale- up activities*)**




**Propiedade intelectual e normas de concerto (*Intellectual property. Concert rules*)**

Por primeira vez no currículo de musica na educación primaria, aparecen estes contidos.

En canto as normas de concerto son contidos básicos dos que deberían ter coñecemento dende os primeiros anos da ensinanza, e máis se asisten a estes eventos, como actividades complementarias.

A propiedade intelectual inclúe conceptos máis complicados, que grazas aos vídeos que se inclúen, comprenderán mellor.

**A cuña radiofónica (Commercial Break)**

Un dos novos contidos do currículo deste curso, é a elaboración de cuñas radiofónicas ou video- anuncios.

Neste apartado o alumnado terá que crear unha cuña, empregando o idioma no que se atope máis cómodo.

Aparecen todos os pasos que teñen que seguir, e tamén os enlaces para as descargas dos programas de edición libre: *Audacity* e *Kaffeine*. Son adecuados para a idade do alumnado.




A parte da cuña radiofónica, con este programas, poden levar a cabo outras actividades como a dobraxe de películas ou facer presentacións de vídeo e audio.

**Lim *Breaking the mold!***

Para finalizar, como en todas as UD, aparece un LIM, con diferentes xogos sobre o traballado, para que o alumnado teña unha pequena recompensa polo esforzo realizado.

## Solucionario

### Actividade sobre as correntes musicais do s. XX

Music that tries to reflect an impression, with blurring melodies: **Impresionism**

Atonal music that reflects feelings: **Expressionism**

Music that goes back to classic traditions with colours of the new world: **Neoclassicism**

Repetitive and constant music that hypnotizes you: **Minimalism**

Music that uses a series of 12 sounds and it's atonal: **Dodecaphonism**

Music that uses synthesizers and acoustic instruments: **Electronic** music

Music that includes shouts, pans and drawings in scores: **Aleatoric** music

Music that reflects the traditions of a country: Musical **Nationalism**

### Adestramento auditivo

1. 

2. 

3. 

4. 

### Actividade sobre Linguaxe Musical

1. False
2. True
3. False
4. False
5. True
6. True
7. False
8. True

### Actividade sobre instrumentos

1. False
2. True
3. True
4. True
5. False
6. False

Lim Breaking the mold!

1. *What is the name of these composers?*




3. *Write the name of these styles*

Atonal music that reflects feelings
Expressionism

Music that reflects the traditions of a country
Nationalism

Music that uses a series of 12 sounds and it's atonal
Dodecaphonism

Repetitive and constant music that hypnotizes you
Minimalism

4. *Discovering a new instrument:* ***Ondes Martenot***

5. *Let´s play with the timeline!*



## Rúbrica: avaliación

| | Mal (1) | Suficiente (3) | Excelente (5) | (*) |
|---|---|---|---|---|
| **Coñecer os aspectos máis importantes da música do s- XX.** | Non sabe situar cronoloxicamente ningunha das correntes, nin expoñer puntos importantes do contexto social e histórico nin musical. | Diferencia as correntes musicais e coñece as súas características, pero ten dificultades para nomear compositores e obras. | Sabe expoñer os puntos máis importantes da evolución da música neste século, indicando compositores e obras importantes, ademais do contexto social e histórico. | |
| **Recoñecer algunha das obras máis importantes e os seus compositores.** | Non identifica nin as obras nin os compositores máis importantes destes período musical. | Identifica as obras pero ten dificultades para saber o nome do compositor. | Recoñece as obras e os compositores máis destacados deste período musical. | |
| **Identificar os novos instrumentos.** | O alumno/a non sabe recoñecer ningún dos instrumentos explicados. | O alumno/a identifica algúns dos instrumentos. | O alumno/a identifica todas os instrumentos traballados. | |
| **Saber improvisar unha danza libre.** | Non mantén o ritmo ao bailar e non amosa creatividade nos movementos. | Realiza movementos sinxelos con dúbidas no ritmo, e pouco orixinais. | Improvisa movementos orixinais e con precisión rítmica cunha melodía clásica. | |
| **Asimilar e saber executar a semicorchea.** | Non recoñece nin sabe interpretar as semicorcheas. | Recoñece a semicorchea pero ten dúbidas á hora de interpretala. | Recoñece a semicorchea e sabe interpretala con corrección e exactitude. | |
| **Identificar os signos de abreviación e realizalos correctamente.** | Non identifica ningún dos signos de abreviación e non sabe realizalos. | Sabe que é un signo de abreviación pero non sabe realizalo. | Identifica os signos de abreviación e os realiza correctamente. | |
| **Saber como comportarse nun concerto.** | Presenta un mal comportamento nos concertos por descoñecemento e deixamento. | Coñece as normas de comportamento nos concertos pero non sempre as cumpre. | Compórtase adecuadamente nos concertos ao coñecer as normas. | |
| **Coñecer a propiedade intelectual e as súa aplicación.** | Descoñece as normas e aplicación da propiedade intelectual. | Sabe que é a propiedade intelectual pero descoñece as súas aplicacións. | Coñece as normas e aplicacións da propiedade intelectual. | |
| **Interpretar con seguridade, vocal e instrumentalmente, as obras traballadas.** | Non é capaz de interpretar nin vocal nin instrumentalmente as pezas traballadas; non ten boa afinación e non sabe empregar os instrumentos propostos. | Interpreta con corrección as pezas traballadas vocalmente, pero presenta algunhas dificultades á hora de interpretala con instrumentos *Orff* . | Interpreta co bo gusto e precisión vocal e instrumentalmente as pezas traballadas na unidade. | |
| **Asimilar os contidos traballados na unidade** | Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade. | Algúns contidos os ten memorizados, pero outros lles falta asimilalos. | Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade. | |

| DU 6: LOOKING BACK, MOVING FORWARD! | |
|---|---|
| OBXECTIVOS XERAIS | a), c), f), g) |
| OBXECTIVOS ESPECÍFICOS | • Coñecer o folclore máis importante dos cinco continentes, incluíndo a Galicia, a través da súa música, instrumentos e danzas tradicionais.<br>• Identificar auditivamente as distintas músicas tradicionais.<br>• Asimilar e saber realizar o compás 6/8.<br>• Identificar e saber interpretar as notas a contratempo.<br>• Saber diferenciar os distintos tipos de escalas empregadas na musica tradicional.<br>• Saber bailar os pasos básicos dunha muiñeira.<br>• Interpretar vocal e instrumentalmente as obras traballadas. |
| COMPETENCIAS CLAVE | CCL, CM.CCIF, CCID, CAA, CSC, CPIP, CCA. |
| CONTIDOS | • A música tradicional en Galicia, Europa, América, Asia e Oceanía:<br>  • Historia e características<br>  • Instrumentos<br>  • Danzas<br>• O compás 6/8<br>• As notas a contratempo<br>• As escalas |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | • Coñecer os datos máis importantes das músicas tradicionais nos 5 continentes.<br>• Identificar os instrumentos e as danzas tradicionais máis importantes dos 5 continentes.<br>• Asimilar o compás de 6/8 e saber interpretalo.<br>• Saber realizar as notas a contratempo.<br>• Identificar auditivamente os distintos tipos de escalas na música tradicional.<br>• Interpretar con seguridade e bo gusto, vocal e instrumentalmente, as obras traballadas.<br>• Asimilar os contidos traballados na unidade. |




A nosa viaxe muda un pouco. A finais do s. XIX xorde o interese polas músicas tradicionais, a música transmitida de xeración en xeración. Así aparece o que se coñece como folclore, que será o que traballaremos nesta unidade. Este tema foi traballado en profundidade nos contidos do curso 5º Primaria, polo que o alumnado está moi familiarizado con el.

Aquí preséntase en termos máis xerais, para tocar todos os continentes coas súas músicas, instrumentos e danzas máis importantes.

Para comezar é recomendable amosarlles un mapamundi e o camiño que recorreremos, para situalos xeograficamente.




**Galicia, Europa, América, Asia e Oceanía (*Galicia, Europe and its music, Music in America, African music, Asia and its music, Music in Oceania*)**




Antes de explicar cada apartado, poderiamos comentar a historia, fauna, flora, etc de cada unha das zonas; isto permítelle ao alumnado facerse unha idea de en que condicións é creado ese estilo de música que imos estudar.

Podemos visualizar algún vídeo sobre os distintos continentes:

- **Oceanía**: https://www.youtube.com/watch?v=V1pDPuetPdg
- **América**: https://www.youtube.com/watch?v=Lvz6dcq80oU
- **Europa**: https://www.youtube.com/watch?v=kHNcqAFO2pY
- **Asia**: https://www.youtube.com/watch?v=ZnK1IVnvYYU
- **África**: https://www.youtube.com/watch?v=hzAwHS7oQWs
- **Galicia**: https://www.youtube.com/watch?v=nwTMptHfT4k

Terán que facer traballos de investigación do gran músico de flamenco, ***Paco de Lucía***.






Para afianzar os contidos referidos á musica tradicional, teñen unha actividade **despregable** (***What did we learn about folklore?***). E outra actividade de **Pregunta- resposta** (***What style do these melodies belong to?***) para indicar os estilos musicais dos audios.




**As partituras**

Neste apartado aparecen as 2 partituras que se traballarán na unidade:

- Galicia: **Unha vella tiña un can**
- Australia: **Waltzing, Matilda!**

Seguimos as mesmas pautas: o alumnado dispón dos vídeos de apoio para poder practicar cada un dos instrumentos que participa, así como o resultado final nun audio. Continuaremos coa rotación nos instrumentos.

É recomendable que se visualicen vídeos das obras antes da súa práctica, para ter unha idea clara de como soan, e así será máis sinxelo para eles.

Algúns enlaces:

- **Unha vella tiña un can**: https://www.youtube.com/watch?v=Wfukmolsa0U
- **Waltzing, Matilda!:** https://www.youtube.com/watch?v=CwvazMc5EfE

Estas dúas partituras teñen texto, polo que é recomendable que antes de interpretalas co instrumental *Orff* practiquen só a voz. Son moi sinxelas e repetitivas e poderán memorizaralas con facilidade.




**Que estamos a cantar? (*What are we singing?*)**

Unha pequena explicación da historia destas melodías tradicionais, xunto coa letra, coa súa tradución no caso da australiana; isto facilitará tanto a comprensión como a memorización das partituras.

## Unha vella tiña un can











Unha vella tiña un **can**
debaixo da cama onde ela durmía. *(bis)*
O can ladraba: guau, guau.
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un **gato**
debaixo da cama onde ela durmía. *(bis)*
O gato miañaba: miau, miau.
O can ladraba: guau, guau.
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un **rato**
debaixo da cama onde ela durmía. *(bis)*
O rato chiaba: iiiii, iiiii.
O can ladraba: guau, guau.
O gato miañaba: miau, miau.
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un **galo**
debaixo da cama onde ela durmía. *(bis)*
O galo cantaba: quiquiriquí.
O can ladraba: guau, guau.
O gato miañaba: miau, miau.
O rato chiaba: iiiii, iiiii.
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un **boi**
debaixo da cama onde ela durmía. *(bis)*
O boi bruaba: muuu, muuu.

Unha vella tiña un **porco**
debaixo da cama onde ela durmía. *(bis)*
O porco roñaba: oiiii, oiiii.

Unha vella tiña un **burro**
debaixo da cama onde ela durmía. *(bis)*
O burro orneaba: iaaaa, iaaaa.

Unha vella tiña un **lobo**
debaixo da cama onde ela durmía. *(bis)*
O lobo ouveaba: auuu, auuu.

e a vella ipor fin se decataba!
E así dicía:
"¡Mal raio te parta can
que mal agradeces
o pan que che dan!" *(bis)*




Once a jolly swagman camped by a billabong,
Under the shade of a coolibah tree,
And he sang as he watched and waited 'til his billy boiled
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me?"

Waltzing Matilda, Waltzing Matilda
You'll come a-Waltzing Matilda, with me
And he sang as he watched and waited 'til his billy boiled
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me?"

Down came a jumbuck to drink at the billabong,
Up jumped the swagman and grabbed him with glee,
And he sang as he stowed that jumbuck in his tucker bag,
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me".

Waltzing Matilda, Waltzing Matilda
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me"
And he sang as he stowed that jumbuck in his tucker bag,
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me".

Up rode the squatter, mounted on his thoroughbred,
Down came the troopers, one, two, three,
"Where's that jolly jumbuck that you've got in your tucker bag?"
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me".

Waltzing Matilda, Waltzing Matilda
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me"
"Where's that jolly jumbuck you've got in your tucker bag?",
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me".

Up jumped the swagman, leapt into the billabong,
"You'll never catch me alive," said he,
And his ghost may be heard as you pass by the billabong,
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me".

Waltzing Matilda, Waltzing Matilda
You'll come a-Waltzing Matilda, with me
And his ghost may be heard as you pass by the billabong,
"You'll come a-Waltzing Matilda, with me?"

"Una vez un alegre vagabundo acampó junto a una laguna,
Bajo la sombra de un eucalipto coolibah,
Y cantaba mientras miraba y esperaba que su tetera hirviera.
"¿Quién vendrá a vagabundear conmigo?"

A vagabundear, a vagabundear
¿Quién vendrá a vagabundear conmigo?
Y cantaba mientras miraba y esperaba que su tetera hirviera
"¿Quién vendrá a vagabundear conmigo?"

Bajó una oveja a beber en la laguna,
Saltó el vagabundo y la agarró con alegría,
Y cantaba mientras escondía la oveja en su bolsa de comida,
"Tú vendrás a vagabundear conmigo".

A vagabundear, a vagabundear
"Tú vendrás a vagabundear conmigo"
Y cantaba mientras escondía la oveja en su bolsa de comida,
"Tú vendrás a vagabundear conmigo".

Cabalgó el invasor, montado en su pura sangre,
Bajaron los soldados, uno, dos, tres,
"¿Dónde está la alegre oveja que tú tienes en tu bolsa de comida?
"Tú vendrás a vagabundear conmigo".

A vagabundear, a vagabundear
"Tú vendrás a vagabundear conmigo",
"¿Dónde está la alegre oveja que tú tienes en tu bolsa de comida?
"Tú vendrás a vagabundear conmigo".

Saltó el vagabundo, saltando hacia la laguna,
"Nunca me cogeréis vivo", gritó él,
Y su fantasma puede ser oído al pasar por la laguna,
"¿Quién vendrá a vagabundear conmigo?"

A vagabundear, a vagabundear
"Tú vendrás a vagabundear conmigo".
Y su fantasma puede ser oído al pasar por el río,
"¿Quién vendrá a vagabundear conmigo?"

**O compás 6/8 (*Time signature6/8*)**
Por primeira vez neste curso aparece o 6/8, compás que xa foi traballado en cursos anteriores. É un compás habitual na nosa musica tradicional, polo que o alumnado o ten moi interiorizado e lle resulta doada a súa execución.




**As notas a contratempo (*Offbeat notes*)**




Podemos facer un exercicio práctico: pedimos ao alumnado que se poña de pé e que comece a camiñar ao redor da clase a pulso, comezando pola dereita. Despois pedímoslles que palmeen cando dean o paso co pé esquerdo. Deste xeito, estarán a facer notas a contratempo, na parte débil.

**As escalas tradicionais (*The scales*)**
No curso pasado traballouse coa escala pentatónica da música xaponesa, e neste curso coñecerán outras como a de *blues* ou a árabe, todas elas moi recoñecibles para o alumnado e fácil de catalogar pola súa sonoridade.
Pódense completar a información con vídeos:




- **Klezmer**: https://www.youtube.com/watch?v=4kYL07wzL88
- **Blues**: https://www.youtube.com/watch?v=mnVWF5g_8LU
- **Árabe**: https://www.youtube.com/watch?v=d0Zn3_mriXM
- **Pentatónica**: https://www.youtube.com/watch?v=Tlsev6ZepqE




Para practicar auditivamente os elementos que aparecen faremos este exercicio de **Pregunta- resposta (*Listen and choose*!)**

**Os instrumentos tradicionais no mundo (*Instruments in the world*)**




Faremos unha choiva de ideas sobre estes instrumentos preguntando ao alumnado:

- *Coñecedes algún?*
- *Sabedes como soan?*
- *En que outros países credes que se empregan?*

Tamén podemos pedirlles que debuxen algún no encerado.

Unha vez feito isto, explicaremos os que aparecen. Todos teñen enlaces que nos permiten ver como se tocan e cal é o seu son.
Poden buscar máis información sobre estes instrumentos ou sobre agrupacións de música tradicionais de calquera deses países.




Para afianzar estes contidos, teñen un exercicio de **Verdadeiro- Falso** (***What have we learn?)***

**Danzas tradicionais de Galicia (*Dance in Galicia*)**




Aparecen explicadas as danzas principais de Galicia, que xa foron traballadas en cursos anteriores. O traballo do alumnado pode ser buscar información para ampliar a que se lles proporciona e enlaces a vídeos para observalas en directo.

**Bailamos unha muiñeira? (*Shall we dance a muiñeira?*)**




Unha vez coñecidas as danzas de Galicia máis importantes, o alumnado aprenderá os pasos básicos dunha muiñeira. Probablemente nos atopemos con alumnado que xa os coñeza e podemos facer unha clase onde este alumnos/as convértanse en profesores dos seus compañeiros/as. Pode ser moi enriquecedor estes novos roles para o alumnado porque sentirán a importancia de ensinar e o difícil que pode resultar ás veces. Aparecen enlaces onde poderán velos.

**Actividades de ampliación (*Scale- up activities*)**
**Lim *Looking back, moving forward!***
Para finalizar, como en todas as UD, aparece un LIM, con diferentes xogos sobre o traballado, para que o alumnado teña unha pequena recompensa polo esforzo realizado.

## Solucionario

### Actividade sobre melodías do mundo

1. Japanese music
2. Blues
3. Klezmer

### Actividade sobre o folklore

Folklore is the set of **traditions** and customs of a group of people, among which music is included.

Traditional music is different in each continent but very similar at the same time as they influence each other and contribute to enrich culture in general.

Our traditional music has a great variety of songs that were used to accompany work like the **canto arrieieros**, or to get the babies to sleep, the **cantos de berce** or **alalás**, the oldest songs. All of them were collected in the **songbooks**. The bagpipe and the **hurdy-gurdy** are some of our instruments.

In Europe the Celtic music and the klezmer stand out. The first is characterised by cheerful music that was used in dances, whereas the klezmer was first instrumental and little by little included lyrics in **Yiddish** (language of the **Ashkenazi Jews**)

Flamenco and fado had influences of the **Arabic** music. They are sung accompanied by a **guitar**. They are very similar to the music in the north of Africa in its melancholic character and the use of groans.

However, in the centre and south of Africa music is different: **rhythm** is the most important part and it's always accompanied by dancing. Some instruments are the mbira or **balafon**. This music travelled with the slaves who went to America.

In North America genres like the **country** music and blues emerged, from the mixture of that African music with the one from the Anglo-Saxon conquerors. Nevertheless, in South America the influence of Spain and Portugal gave place to genres like **samba** and forró in Brazil or **Mariachi** music in Mexico.

Anglo-Saxon musicians also travelled to Oceania where they found the aboriginal music, the **Maoris**, whose ritual dance is used nowadays in rugby games.

### Adestramento auditivo

1. 

2. 

3. 

4. 

## Actividade sobre os instrumentos tradicionais

1. **False**
2. **True**
3. **False**
4. **True**
5. **True**
6. **False**
7. **True**
8. **False**
9. **True**
10. **True**

## Lim *Looking back, moving forward!*

1. ***What are these instruments called?***




2. ***Join with the correct country:***

Country---United States
Sitar---India
Celtic music----Ireland
Muiñeira---Spain
Forró---Brasil
Fado---Portugal

3. ***What musical style do these instruments belong to?***




4. ***Let´s play***

A chordophone, used in Klezmer music: **Cimbalom**
His predecessor is the organistrum: **Hurdy Gurdy**
Another name of globet drum: **Darbuka**
Galician dance sung by women: **Pandeirada**
Another name for vagabond: **Matilda**
Scale with 5 sounds: **Pentatonic**
Traditional song in Portugal: **Fado**
Important instrument in Oceania: **Didgeridoo**

## Rúbrica: avaliación

| | Mal<br>(1) | Suficiente<br>(3) | Excelente<br>(5) | (*) |
|---|---|---|---|---|
| **Coñecer os datos máis importantes das músicas tradicionais nos 5 continentes.** | Non sabe situar ningún dos xéneros máis importantes da música tradicional do mundo. | Diferencia algúns dos xéneros máis importantes da música tradicional, pero só dalgún dos continentes. | Sabe expoñer os puntos máis importantes de cada unhas das músicas tradicionais nos 5 continentes. | |
| **Identificar os instrumentos e as danzas tradicionais máis importantes nos 5 continentes.** | O alumno/a non sabe recoñecer nin as danzas nin os instrumentos máis importantes da música tradicional. | O alumno/a identifica os instrumentos máis importantes da musica tradicional, pero non consegue diferenciar as distintas danzas. | O alumno/a identifica todas as danzas e instrumentos tradicionais da música do mundo, tanto visual como auditivamente. | |
| **Saber realizar un compás de 6/8 e saber interpretalo.** | Non sabe realizar o compás de 6/8, nin o comprende. | Recoñece o 6/8 pero ten dificultades á hora de realizalo. | Ten interiorizado o compás de 6/8 e sabe interpretalo con exactitude rítmica | |
| **Identificar auditivamente as distintas escalas da música tradicional.** | Non identifica auditivamente nin recoñece ningunha das escalas tradicionais traballadas. | Identifica algunha das escalas traballadas; tamén auditivamente. | Identifica as escalas tradicionais traballadas na unidade; tamén auditivamente. | |
| **Saber realizar e identificar as notas a contratempo.** | Non recoñece nin sabe realizara as notas a contratempo. | Recoñece as notas a contratempo pero ten algunha dificultade á hora de realizalas. | Recoñece e sabe realizar correctamente as notas a contratempo. | |
| **Interpretar con seguridade, vocal e instrumentalmente, as obras traballadas.** | Non é capaz de interpretar nin vocal nin instrumentalmente as pezas traballadas; non ten boa afinación e non sabe empregar os instrumentos propostos. | Interpreta con corrección as pezas traballadas vocalmente, pero presenta algunhas dificultades á hora de interpretala con instrumentos *Orff*. | Interpreta co bo gusto e precisión vocal e instrumentalmente as pezas traballadas na unidade. | |
| **Asimilar os contidos traballados na unidade** | Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade. | Algúns contidos os ten memorizados, pero outros lles falta asimilalos. | Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade. | |

| DU 7: Shake yout Booty! | |
|---|---|
| Obxectivos Xerais | b), c), e), f), g), i) |
| Obxectivos Específicos | • Coñecer a música popular a través dos seus estilos e artistas máis coñecidos.<br>• Diferenciar os distintos bailes da cultura popular no s. XX.<br>• Coñecer os instrumentos empregados na música popular.<br>• Saber realizar unha equivalencia pulso= pulso.<br>• Recoñecer unha nova tonalidade: Sol Maior.<br>• Recoñecer auditivamente todos os conceptos musicais traballados.<br>• Interpretar vocal e instrumentalmente, as obras da unidade. |
| Competencias Clave | CCL, CM.CCIF, CCID, CAA, CSC, CPIP, CCA. |
| Contidos | • A música popular:<br>  • Jazz, Rock, Pop, Disco<br>  • Os instrumentos<br>  • Os bailes<br>• A equivalencia pulso=pulso.<br>• A tonalidade Sol Maior. |
| Criterios de avaliación | • Coñecer os estilos e os artistas máis recoñecidos da música popular do s. XX.<br>• Diferenciar os distintos bailes populares do s. XX.<br>• Identificar os instrumentos empregados na música popular.<br>• Saber executar unha equivalencia pulso=pulso.<br>• Coñecer, saber interpretar e identificar auditivamente unha nova tonalidade: Sol Maior.<br>• Interpretar con seguridade e bo gusto, vocal e instrumentalmente, e con percusión corporal as obras traballadas.<br>• Asimilar os contidos traballados na unidade. |

Para rematar a 2ª avaliación, falaremos da música popular, onde se inclúen estilos como o jazz, rock ou pop.  Para contextualizar os contidos desta unidade, poderiamos falarlles dos grandes festivais ou dos movementos fan, termos que recoñecen facilmente por estar máis próximos á súa cultura que todo o que vimos antes.
Hai que indicarlles que este século é o mesmo que o da unidade 5, para que estean situados cronoloxicamente e para que se dean conta da variedade de música que se estaba a facer ao mesmo tempo.

**Jazz, Rock, Pop e música Disco (*Jazz, Rock, Pop music, Disco music*)**
Nestes apartados aparecen en liñas xerais a orixe destes estilos musicais así como os seus artistas máis recoñecidos. Dentro de cada apartado tamén se indican variantes deses estilos, que podemos empregar para que o alumnado investigue, e busque grupos. Aparecen os enlaces aos grupos que se indican, para que poidan observar as diferencias e similitudes entre eles.







Para diferenciar os grupos e situalos no estilo que lle corresponde, aparece un exercicio de **Pregunta- Resposta** (***Which style do these groups belong to?***). Terán que buscar información dalgún deles para saber a resposta correcta.

E para traballar os contidos da unidade, un **Verdadeiro- Falso** (***What did we learn about popular music?***)




**As partituras**
Neste apartado aparecen as 2 partituras que se traballarán na unidade:

- ABBA: **I have a dream**
- Passenger: **Let her go**

Seguimos as mesmas pautas: o alumnado dispón dos vídeos de apoio para poder practicar cada un dos instrumentos que participan, así como o resultado final nun audio.
Estas dúas pezas teñen letra, polo que o primeiro será memorizalas e despois a práctica instrumental.
É recomendable que se visualicen vídeos das obras antes da súa práctica, para ter unha idea clara de como soan, e así será máis sinxelo para eles.
Algúns enlaces:

- **I have a dream**: https://www.youtube.com/watch?v=x1ESo-V9FUA
- **Let her go:** https://www.youtube.com/watch?v=RBumgq5yVrA




*I have a dream, a song to sing*
*To help me cope with anything*
*If you see the wonder of a fairy tale*
*You can take the future even if you fail*
*I believe in angels*
*Something good in everything I see*
*I believe in angels*
*When I know the time is right for me*
*I'll cross the stream - I have a dream*

*I have a dream, a fantasy*
*To help me through reality*
*And my destination makes it worth the while*
*Pushing through the darkness still another mile*
*I believe in angels*
*Something good in everything I see*
*I believe in angels*
*When I know the time is right for me*
*I'll cross the stream - I have a dream*
*I'll cross the stream - I have a dream*

*I have a dream, a song to sing*
*To help me cope with anything*
*If you see the wonder of a fairy tale*
*You can take the future even if you fail*
*I believe in angels*
*Something good in everything I see*
*I believe in angels*
*When I know the time is right for me*
*I'll cross the stream - I have a dream*
*I'll cross the stream - I have a dream*




Well you only need the light when it's burning low
Only miss the sun when it starts to snow
Only know you love her when you let her go
Only know you've been high
When you're feeling low
Only hate the road when you're missing home
Only know you love her when you let her go
And you let her go

Staring at the bottom of your glass
Hoping one day you'll make a dream last
But dreams come slow and they go so fast

You see her when you close your eyes
Maybe one day you'll understand why
Everything you touch surely dies

But you only need the light when it's burning low
Only miss the sun when it starts to snow
Only know you love her when you let her go
Only know you've been high when you're feeling low
Only hate the road when you're missing home
Only know you love her when you let her go

Staring at the ceiling in the dark
Same old empty feeling in your heart
Because love comes slow and it goes so fast

Well you see her when you fall asleep
But never to touch and never to keep
Because you loved her too much
And you dived too deep

Well you only need the light when it's burning low
Only miss the sun when it starts to snow
Only know you love her when you let her go
Only know you've been high when you're feeling low
Only hate the road when you're missing home
Only know you love her when you let her go
And you let her go
And you let her go
Well, you let her go

Because you only need the light when it's burning low
Only miss the sun when it starts to snow
Only know you love her when you let her go
Only know you've been high when you're feeling low
Only hate the road when you're missing home
Only know you love her when you let her go

Because you only need the light when it's burning low
Only miss the sun when it starts to snow
Only know you love her when you let her go
Only know you've been high when you're feeling low
Only hate the road when you're missing home
Only know you love her when you let her go
And you let her go

**A equivalencia pulso= puslo (*Change of time signature: 4/4-2/4*)**




Na partitura de ABBA aparece un cambio de compás. Explícase o procedemento para facelo e o nome que recibe en música. Son termos moi abstractos para o alumnado, polo que o mellor é practicalo coa canción e indicarlle o seu nome pero non facer moito fincapé.

**Unha nova tonalidade Sol Maior. (A new tonality)**




Por primeira vez no curso, aparece unha nova tonalidade, Sol M. Neste apartado explicamos as diferencias e similitudes entre a escala de Sol e Do, a relación dos tons e semitóns, e audios para practicala.




No adestramento auditivo (***Ear training***) a modo de **Pregunta – Resposta**, faremos fincapé nesta escala para que se acostumen á súa sonoridade.

**Os instrumentos da música popular ( *Instruments in popular music*)**




Neste apartado explícanse os 3 instrumentos principais da música popular, sobre todo do rock e o pop e as súas variantes. Os demais instrumentos xa foron explicados en unidades anteriores. Os que se explican son variantes de instrumentos que xa foron traballados, e ademais o alumnado esta moi familiarizado con eles. A maioría amosará o desexo de tocar a guitarra eléctrica ou a batería, seguindo aos seus ídolos musicais actuais.

Aparecen enlaces para poder escoitalos e ver como se tocan. Sempre podemos pedirlles que busquen máis información.

Un exercicio podería ser, unha vez escoitados todos, facer un xogo de recoñecemento de instrumentos por grupos de 5 ou 6 nenos/as; deste xeito, seguimos insistindo no desenvolvemento auditivo do alumnado.

**Os bailes da música popular no século XX (*Popular dance in the 20th century*)**




Aparecen explicados e con enlaces a videos para visualizar os bailes máis destacados da música popular do s. XX.

Podemos pedirlle ao alumnado que busque outros que non se nomean, como o funky ou a rumba.




**Bailemos un Rock and roll**

Para traballar cos rapaces, practicaremos o paso máis sinxelo do rock and roll, un dos bailes máis importantes do s. XX. Dispoñen dun vídeo onde se lles explica o paso, e tamén dun exemplo.

Poden bailalo individualmente ou en parellas, e a partir do paso básico pediráselle que inventen coreografías, incluíndo xiros ou pasos laterais. O que eles/elas desexen.

**Actividades de ampliación (*Scale- up activities*)**

**Como nace unha canción? (*How is a song born?*)**




Neste apartado explícase brevemente e con imaxes como é o proceso de creación dunha canción, convertida nun éxito musical. Ao alumnado resúltalle moi familiar todos os datos que aparecen, xa que actualmente moitos dos programas de entretemento na televisión seguen o formato de crear artistas e cancións, observando cada un dos pasos que se lle indican.

**Lim *Shake your booty!***

Para finalizar, como en todas as UD, aparece un LIM, con diferentes xogos sobre o traballado, para que o alumnado teña unha pequena recompensa polo esforzo realizado.

## Solucionario

### Actividade sobre estilos musicais

1. Jazz
2. Heavy metal
3. Hip hop
4. Pop
5. Rock
6. Jazz
7. Pop
8. Glam Rock
9. Disco
10. Hip hop

### Verdadeiro- Falso sobre a música popular

1. True
2. False
3. True
4. False
5. True
6. False
7. False
8. True
9. False
10. True

### Adestramento auditivo

1.



2. Ascending

3.



4. Tone

5.



Lim *Shake your booty!*

1. ***Discover the style of music:***




2. ***What is its name?*** **Electric guitar**

3. ***Playing with the solfeggio:***

1- *Key signature*

2- *Time signature*

3- *Sixteenth notes*

4- *Clef*

5- *Syncopation*

6- *Quarter note*

4. ***Playing with the dances:***

Dance of the fox: FOXTROT

It was born in a city of Carolina: CHARLESTON

Young people dance in the Street: BREAKDANCE

Dance from Argentina: TANGO

Dance creates in Cuba from danzones: CHACHACHA

It´s derived from rock and roll: TWIST

It comes from the Lindy hop: ROCK

Popular dance in New York: LINDYHOP

5. ***How is a song born?***



## Rúbrica: avaliación

| | Mal<br>(1) | Suficiente<br>(3) | Excelente<br>(5) | (*) |
|---|---|---|---|---|
| **Coñecer os estilos e os artistas máis destacados da música popular no s. XX** | O alumno/a non coñece nin os artistas nin os estilos da música popular. | O alumno/a recoñece os estilos pero ten dúbidas á hora de recoñecer aos artistas importantes. | O alumno/a coñece os estilos e os artistas máis importantes da música popular do s. XX. | |
| **Diferenciar os distintos bailes da música popular no s. XX.** | Non recoñece ningún dos bailes da música popular do s. XX. . | Recoñece algún dos bailes da música popular. | Recoñece todos os bailes da música popular traballados. | |
| **Identificar os instrumentos empregados na música popular.** | Non identifica ningún dos instrumentos empregados na música popular. | Identifica algúns dos instrumentos da música popular. | Identifica os distintos instrumentos empregados na música popular. | |
| **Saber executar unha equivalencia pulso=pulso.** | Nin identifica nin sabe executar unha equivalencia pulso= pulso. | Identifica a equivalencia pulso=pulso pero ten dificultades á hora de realizala. | Executa con precisión rítmica unha equivalencia pulso=pulso. | |
| **Coñecer, saber interpretar e recoñecer auditivamente a escala de Sol M.** | Non identifica, nin entoa, nin recoñece auditivamente a escala de Sol M. | Identifica e entoa a escala de Sol M, pero ten dificultades para recoñecela auditivamente,. | Identifica, interpreta con afinación precisa e recoñece auditivamente a escala de Sol M. | |
| **Interpretar con seguridade e bo gusto, vocal e instrumentalmente, e con percusión corporal as obras traballadas.** | Non é capaz de interpretar nin vocal nin instrumentalmente as pezas traballadas; non ten boa afinación e non sabe empregar os instrumentos propostos. | Interpreta con corrección as pezas traballadas vocalmente, pero presenta algunhas dificultades á hora de interpretala con instrumentos *Orff*. | Interpreta co bo gusto e precisión vocal e instrumentalmente as pezas traballadas na unidade. | |
| **Asimilar os contidos traballados na unidade** | Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade. | Algúns contidos os ten memorizados, pero outros lles falta asimilalos. | Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade. | |

| DU 8: The curtain raises! | |
|---|---|
| Obxectivos Xerais | b), c), e), f), g), i) |
| Obxectivos Específicos | • Coñecer a historia e os máis importantes musicais.<br>• Saber realizar un cambio de compás na mesma partitura.<br>• Diferenciar o arpexo e o acorde.<br>• Identificar novos signos de repetición.<br>• Inventar unha coreografía acorde a unha melodía dada.<br>• Recoñecer a forma musical das pezas interpretadas.<br>• Interpretar vocal e instrumentalmente as obras. |
| Competencias Clave | CCL, CM.CCIF, CCID, CAA, CSC, CPIP, CCA. |
| Contidos | • Os musicais:<br>  • Definición<br>  • Historia<br>  • Obras e compositores<br>  • Danzas<br>• O cambio de compás<br>• O arpexo e o acorde.<br>• Os signos de repetición.<br>• A forma musical. |
| Criterios de avaliación | • Coñece os datos máis importantes da historia dos musicais.<br>• Recoñece os musicais máis destacados e aos seus compositores.<br>• Inventar unha coreografía acorde á melodía dada.<br>• Saber realizar con precisión o cambio de compás nunha partitura.<br>• Diferenciar o arpexo e o acorde.<br>• Identificar e saber realizar os signos de repetición.<br>• Saber identificar a forma das obras auditivamente.<br>• Interpretar con seguridade e bo gusto, vocal e instrumentalmente, as obras traballadas<br>• Asimilar os contidos traballados na unidade. |




Comezamos a 3ª e última avaliación do curso.
Neste momento, coñeceremos a historia da música asociada a outras artes: o teatro, o cine e a televisión.
Comezaremos polo teatro musical e os musicais.

**Que é un musical? Un pouco da súa historia (*What´s a musical? A little of its history*)**




